La Tribuna
CADERNOS DE ESTUDIOS DA CASA MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

O *ESTUDIO CRÍTICO* DAS OBRAS DO P. FEIJÓO DE PARDO BAZÁN, CONCEPCIÓN ARENAL E MIGUEL MORAYTA. O CERTAME DE OURENSE DE 1876

Xosé Ramón Barreiro Fernández

(DA REAL ACADEMIA GALEGA E DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

I.- OS AZARES DUN CERTAME

1.- A convocatoria

O claustro do Instituto de Ourense, conciencia intelectual da cidade, alerta en outubro de 1875 sobre a proximidade do segundo centenario do nacemento do P. Feijóo (1876)[1].

As institucións ourensás: a Deputación, o Concello, o Instituto e as Comisións do Comercio e das Artes e Oficios, conscientes de que non había tempo suficiente para a construcción do monumento, que era un proxecto do que se falaba había tempo en Ourense, decidiron convocar un Certame Literario. As bases deste publicáronse o 12 de decembro de 1875[2].

Anunciábanse catro premios. O primeiro, dotado con 4.000 reais, sería para o autor do mellor "Estudio crítico de las obras del P. M. fray Benito Feijóo". O segundo, de 1.000 reais, para o autor da mellor e máis completa biografía do mesmo. Un terceiro premio, que consistía nunha rosa de ouro, sería para a mellor Oda, en castelán, na que se celebrara a Feijóo como filósofo. Finalmente, un cuarto premio que consistía nun "pensamiento de oro y plata, esmaltado" para o autor da mellor poesía en galego, dedicada a Galicia, no segundo centenario de Feijóo.

Os traballos que debían ser "inéditos y originales" tiñan que ser entregados antes do 15 de setembro de 1876[3]. O veredicto daríase a coñecer o 8 de outubro de 1876.

[1] *El Heraldo Gallego*, 21 de outubro de 1875.

[2] A Deputación e mailo Concello organizaron para os días 7, 8 e 9 de outubro de 1876 varias celebracións: o día 7 unha exposición rexional gandeira, o día 8 (enteiramente dedicado a Feijóo) poñeríase a primeira pedra do monumento a Feijóo e entregaríanse os premios de dous certames: o do P. Feijóo ó que nos referimos e doutro certame convocado e dotado por D. Modesto Fernández González, do que Arminda Flora Serrano obtivo o premio, e que non debe confundirse co Certame de Feijóo.

[3] Texto da convocatoria en *El Heraldo Gallego*, 16 de decembro de 1875.

2.- Comisión do Certame e xurado

A Comisión do Certame estaba presidida por D. Antonio Montenegro de Puga, Marqués de Leis[4] e formaban parte da mesma como vocais D. Juan M. Paz Novoa, D. Juan A. Saco Arce, D. Venancio Moreno Pablos, D. Juan Sieiro González, D. Valentín Lamas Carvajal, D. Manuel Pereiro Rey e D. Juan de la Cruz Izquierdo Alonso, secretario[5].

Nas bases, publicadas o 12 de decembro de 1875, indicábase que o Xurado estaría formado por trece personalidades elixidas ó chou entre corenta papeletas cos nomes dos intelectuais máis notables de Galicia, viviran aquí ou fóra. Ademais, elixiríanse outras trece papeletas para constituír os trece suplentes.

A selección destes corenta nomes fíxoa unha Subcomisión, chamada Junta Nominadora del Jurado, constituída por cinco membros da Comisión do Certame. Ningún membro da Comisión, nin por conseguinte tampouco da Subcomisión, formaría parte, en principio, do Xurado.

O 14 de maio de 1876 reuniuse a Subcomisión ou Junta Nominadora del Jurado no Instituto de Ourense. Estaba formada por cinco membros da Comisión do Certame: Moreno Pablos, Juan José Domínguez, Juan Antonio Saco, Juan Sieiro González e Paz Novoa que actuou como secretario[6]. A reunión tiña como obxecto face-la lista de corenta nomes de personalidades galegas e elixi-los trece membros do xurado e os trece suplentes.

Non debeu ser tarefa doada a selección dos corenta nomes, porque consta nas actas que Moreno Pablos e Saco Arce protestaron a inclusión dalgúns nomes "por motivos de ortodoxia católica", pretexta que, ó ser minoritaria, non se tivo en conta[7].

O xurado quedou formado polas seguintes trece personalidades: Carlos Ramón Fort (catedrático de Dereito Canónico na Universidade Central e

[4] Para a biografía do Marqués de Leis, cfr. Barreiro Fernández et alii, *Parlamentarios de Galicia*, I, Santiago de Compostela 2001, p. 419.

[5] Paz Novoa, Saco Arce e Sieiro González eran profesores do Instituto de Ourense; Moreno Pablos e Lamas Carvajal eran periodistas; Pereiro Rey era banqueiro, persoa moi estimada na cidade na que exerceu como alcalde e concelleiro en varias ocasións, e, ademais, home culto. Gracias á súa insistencia e tenacidade foi posible inaugurar no ano 1887 o monumento a Feijóo en Ourense. Máis datos sobre este ilustre patricio en Rivas Villanueva, L., *Banqueiros ourensáns na Restauración*, Ourense 1990, pp. 119-148. Ocasionalmente tamén formou parte da Comisión D. Juan José Domínguez.

[6] *Reseña del Certamen Literairo celebrado en Orense el día 8 de octubre de 1876 en honor del R. P. M. Fr. Benito Jerónimo Feijóo*, Orense 1877, p. 4

[7] *Reseña*, op. cit. p. 4.

membro da Real Academia de Historia), Manuel Murguía (arquiveiro do Arquivo Xeral de Galicia, foi casado neste ano e destinado á Biblioteca de Valencia), Emilio Olloqui (escribía ocasionalmente poesías que publicaba en xornais como *El Heraldo Gallego*), Antonio Casares (catedrático e Rector da Universidade de Santiago), José Benito Amado (poeta e líder do progresismo pontevedrés, fora senador en 1871 e neste momento estaba retirado da política), Eduardo Chao (ex-ministro da Primeira República e gran empresario na publicación de libros e revistas), Justo Pelayo Cuesta (catedrático da Universidade Central e, neste intre, senador por Ávila), Eugenio Montero Ríos (ex-ministro, agora dedicado á súa cátedra na Universidade Central e ó seu bufete de avogado), Florencio Rodríguez Vaamonde (ex-ministro e senador pola provincia da Coruña), Luís Rodríguez Seoane (catedrático de Medicina da Universidade de Santiago, persoa moi culta, ex-deputado por Pontevedra), Cesáreo Fernández Losada (médico de Isabell II, ex-deputado por Ourense e persoa de gran prestixio intelectual), Antonio Romero Ortiz (ex-ministro, deputado por Noia) e Frei Benito González Araújo, ex-abade de Samos.

A lista dos trece suplentes era a seguinte: Saturnino Álvarez Bugallal, (ex-fiscal de imprenta e deputado pola provincia de Ourense), Eduardo Pondal (poeta), Claudio Fernández Vázquez, Joaquín Losada Pimentel (profesor do Instituto de Ourense), Indalecio Armesto (ex-deputado e xornalista en Pontevedra), Alfredo Vicenti Rey (xornalista), Emilio Álvarez Giménez (catedrático do Instituto de Pontevedra e autor prolífico), Jesús Muruais (profesor do Instituto de Ourense), Valentín Novoa (escribán do xulgado militar e xornalista), Manuel Sánchez Arteaga (cóengo da catedral de Ourense e historiador), José Gómez Munaiz (ex-deputado por Galicia), José Ojea (farmacéutico e ex-deputado por Galicia), José María Hermida (do corpo de Obras Públicas e colaborador da revista *El Heraldo Gallego*).

Como pode observarse, era un xurado moi capaz e plural ideolóxica e politicamente.

A cada un deles comunicóuselle-la súa designación e "la gran mayoría de los señores electos aceptaron los cargos" como recolle a *Reseña* citada.

Convocados os titulares e suplentes para que se presentaran en Ourense o día 1 de outubro de 1876, sete días antes da entrega dos premios, a Comisión recibiu unha desagradable sorpresa: non compareceu ningún dos trece titulares e só seis dos suplentes: Claudio Fernández, Losada Pimentel, Alfredo Vicenti, Jesús Muruais, Sánchez Arteaga e Gómez Munaiz quen ó ver a desbandada xeral decidiu tamén retirarse.

Reunidos os cinco suplentes o 1 de outubro de 1876 acordaron solicitar da Comisión o reforzamento do Xurado porque "en atención a la responsabilidad y transcendencia que entrañan cargos de índole tan especial" era moi reducido o número de membros. A Comisión resistiuse inicialmente para evitar que "ninguno de sus individuos lo fuese del Jurado" pero ante a negativa deste a inicia-las súas tarefas, a Comisión ampliou o Xurado con catro nomes procedentes da Comisión: Saco, Sieiro, Moreno e Paz Novoa. O Xurado definitivamente quedou constituído así: presidente, Losada Pimentel; vocais: Sánchez Arteaga, Fernández Vázquez, Alfredo Vicenti, Moreno Pablos, Saco Arce, Juan Sieiro, Juan M. Paz Novoa e secretario: Jesús Muruais.

3.- Resolución do xurado

O 7 de outubro de 1876, véspera da entrega dos premios, o Xurado tomou os seguintes acordos:

* Por unanimidade, declarou deserto o premio da biografía do P. Feijóo, "por no llenar ninguno de los trabajos presentados las condiciones que requiere este género de obras".
* Tamén por unanimidade concedeuse a rosa de ouro á Oda que levaba como lema "Beato te" "por la inspiración que revela y las grandes bellezas que contiene", que resultou ser de Emilia Pardo Bazán.
* Por maioría de seis votos contra tres acordouse darlle o premio de composición en galego ó traballo que levaba o lema "¿Qué labio?", "por ser la primera en mérito relativo de las tres presentadas y por la galanura y corrección que en ella se observan", e que era de Lamas Carvajal.
* Finalmente, iniciouse a discusión sobre o mérito das obras presentadas ó premio "Estudio crítico de las obras del P. Feijóo".

Catro vocais (Losada Pimentel, Saco Arce, Moreno Pablos e Sánchez Arteaga) propuxeron a exclusión dos traballos presentados cos lemas "Dé lección un siglo a otro" (Miguel Morayta) e "En cualquiera materia" (Concepción Arenal) sen explica-las razóns de tal exclusión. Os cinco vocais restantes decidiron, en primeira votación, non excluír ningún dos tres traballos presentados.

Unha vez aceptados procedeuse á discusión de cada un deles. Os catro vocais citados deron o seu voto ó traballo presentado co lema "Jamque opus" (Pardo Bazán). Outros catro vocais (Vicenti, Sierio, Fernández e Muruais) votaron o traballo "En cualquiera materia" (Concepción Arenal) e Paz Novoa deu o seu voto ó traballo "Dé lección de un siglo a otro" (Morayta).

Cada un dos membros do xurado razoou o seu voto: Losada Pimentel, Sánchez Arteaga, Saco Arce e Moreno Pablos comentaron que o traballo de Morayta "manifiesta tendencias poco ortodoxas, además de no llenar las condiciones propias de un *Estudio Crítico*, conforme al programa". Os catro tamén coincidiron en rexeita-lo traballo de Concepción Arenal "por contener doctrinas abiertamente heterodoxas y abundar en apreciaciones erróneas y ofensivas a la memoria respetable del R. P. M. Fr. Benito Feijóo". Por conseguinte, apoiaban o traballo de Pardo Bazán. Debemos advertir que tódalas discusións se facían sobre os lemas e non sobre os nomes dos autores que, teoricamente, se descoñecían. Preferimos poñe-los nomes dos autores para facilitarlle ó lector o seguimento da votación.

Paz Novoa votou a favor da obra de Morayta porque "aunque no tan brillante como los otros dos bajo el punto de vista literario... lo considera... más completo que los demás presentados sobre el mismo tema; debiendo añadir, aunque esto sea en su concepto ajeno a la misión del jurado, que no descubrió en dicho estudio las tendencias que le atribuyen los Sres. Losada Pimentel, Sánchez Arteaga, Saco y Moreno, sino que por el contrario entiende que no hiere ninguna creencia religiosa".

Os restantes catro vocais, Vicenti, Muruais, Sieiro e Fernández, deron os seus votos ó estudio de Concepción Arenal porque "a su indiscutible mérito literario reúne la circunstancia de ser más metódico y razonado que los demás, sin que hayan hallado en sus páginas afirmación alguna contraria al dogma, sobre el que, por otra parte, no está llamado a resolver el jurado, ni apreciación ninguna ofensiva a la memoria del P. Feijóo".

O Xurado, trala toma dos seus acordos, trasladoullos á Comisión do Certame, que decidiu que o día 8 de outubro de 1876 só se entregaran os dous premios poéticos, deixando deserto o da biografía e dándose tempo para estudiar cómo debería resolverse o empate entre os dous que obtiveran catro votos cada un.

Antes de proseguir co relato do acontecido interesa afondar un pouco na decisión tomada sobre o premio do *Estudio Crítico*. Os catro membros do Xurado que votaron a favor de Pardo Bazán non razoaron o seu voto favorable senón que, unicamente, explicaron por qué rexeitaban os outros dous traballos: por manifestar tendencias pouco ortodoxas (Morayta) ou abertamente heterodoxas (Concepción Arenal), á parte doutras cualificacións de menor mérito. É dicir, que a defensa da ortodoxia parece se-la causa motivadora dos seus votos.

Máis adiante, cando a cuestión xa fora resolta pola mediación da

Universidade de Oviedo, Laverde Ruíz comenta a Menéndez Pelayo en carta, comentada polo profesor González Herrán[8], o seguinte: "Cuéntase que los votos estuvieron divididos, inclinándose la mitad de los jueces (*los liberales*) a favor de otra memoria (que según parece es la que luego publicó en la *Revista de España* la ferrolana Dª. Concepción Arenal) y que designada para dirimir el conflicto la Universidad de Oviedo ésta sentenció en pro de la Emilia, cuyo trabajo no conozco, aunque creo bien que, *aparte la mayor pureza de doctrina*, no cederá en valor literario al de su competidora".

A carta expresa unha suposición coa que coincidimos. Laverde Ruíz traduce o resultado dos votos en clave ideolóxico-política. Os "liberais" votaron por C. Arenal, por conseguinte, os "antiliberais" (de acordo coa lóxica da carta) votaron a favor de Pardo Bazán, supoñendo a pureza da súa doutrina.

Chegamos á mesma conclusión analizando a traxectoria ideolóxica e política dos membros do Xurado. Saco Arce era un eminente helenista, poeta, autor dunha interesante *Gramática Gallega*, pero ideoloxicamente ultraconservador. Era, ademais, sacerdote, é dicir, sometido á xurisdicción do bispo de Ourense, D. Cesáreo Rodrigo, o mesmo que poucos anos despois condenaría a Curros. D. Cesáreo, ó dicir de Otero Pedrayo, era un santo varón pero intransixente na ortodoxia.

Sánchez Arteaga era cóengo do cabido de Ourense e, por iso, igualmente sometido á xurisdicción do bispo.

Do profesor de Matemáticas, Losada Pimentel, e do xornalista, Moreno Pablos, non temos datos sobre os seus compromisos ideolóxicos.

Pola contra: sabemos que Sieiro, profesor de filosofía no instituto de Ourense, era krausista, que Muruais e Paz Novoa eran republicanos, que Vicenti, ex-republicano, militaba no progresismo e Fernández Vázquez era, segundo Otero Pedrayo, "un dilectante de las ideas"[9] expresión que parece indicar que se movía cos ventos progresistas.

En resumidas contas, que aínda que a maioría do Xurado era progresista e,

[8] González Herrán, J. M., "Emilia Pardo Bazán en el epistolario de Marcelino Menéndez Pelayo", *CEG*, 101 (1986), p. 327.

[9] Otero Pedrayo, R., *El Padre Feijóo, su vida, doctrina e influencias*, Ourense 1972, p. 745.

por conseguinte, poderían premiar a Morayta ou a Concepción Arenal, "tuvo la elegancia de noabusar de la mayoría para no producir una ruptura irreparable ante el público"[10].

4.- Encoméndase a resolución á Universidade de Oviedo

Xa concluídos os festexos celebrados en Ourense os días 7, 8 e 9 de outubro de 1876 en honor de Feijóo, a Comisión do Certame reuniuse de novo para discutir sobre a forma de resolve-lo empate entre os dous traballos presentados, o de Pardo Bazán e o de Concepción Arenal, xa que Morayta, unha vez que foi informado da resolución do Xurado no que só obtivera un voto, decidiu retira-la súa memoria[11]. A Comisión estaba formada só por catro membros (Marqués de Leis, Lamas Carvajal, Pereiro Rey e Izquierdo) porque Sieiro, Saco, Paz e Moreno interpretaron que, polo feito de formar parte do Xurado, non debían estar presentes na Comisión para resolver este asunto.

Na sesión do 22 de outubro de 1876 Pereiro Rey presentou a proposta de "llevar la resolución de este asunto a un centro literario que, por sus condiciones especiales, pudiese apreciarlo con ilustrada y recta imparcialidad, designando, como tal, el Claustro de la Universidad de Oviedo", proposta que foi aprobada por tres votos contra un (opúxose Cruz Izquierdo). O presidente da Comisión comunica ó Rector de Oviedo a decisión, pregándolle que a acollera. Aceptada a solicitude, nunha sesión celebrada o 7 de novembro de 1876 a Comisión remite a Oviedo as dúas memorias, a de Pardo Bazán e a de Concepción Arenal.

Sorprende que fora elixida a Universidade de Oviedo para dirimi-la

[10] Otero Pedrayo, R., *El Padre Feijóo*, op. cit. p. 745. Hai unha cuestión que sería interesante coñecer: se o Xurado sabía ou non cáles eran os autores das tres memorias presentadas. Otero Pedrayo que, posiblemente, chegou a coñecer a algún protagonista do Certame di: "En Orense se hablaba ser de Canalejas (D. Francisco de Paula) o de Revilla el segundo de los citados estudios", *El Padre Feijóo*, op. cit. p. 746, é dicir o de Concepción Arenal. Parécenos que dada a proximidade ideolóxica de varios membros do Xurado con algún dos autores, non sería imposible que si tivesen coñecemento de quén eran. Iso explicaría por qué os "liberales" dividiron o seu voto, xa que sabían que se Morayta ou Concepción Arenal obtiñan o premio era inevitable un pronunciamento da Igrexa e o conseguinte escándalo.

[11] Na sesión celebrada pola Comisión o 7 de novembro de 1876 dáse conta da retirada do manuscrito de Morayta, introducindo un matiz interesante: que a Comisión entendía que a decisión do Xurado non era definitiva e, por conseguinte, que a Oviedo debían ser enviados os tres traballos, xa que ningún fora absolutamente rexeitado. Iso significaba que o de Morayta, aínda que só recibira un voto, tamén podería ser xulgado de novo, pero o seu autor "respetando esta decisión no se cree obligado a someterse a ulteriores resoluciones y reclama su manuscrito", polo que a Comisión decidiu devolverllo, e enviar a Oviedo só dous.

Emilia Pardo Bazán (1863-1867).
(ARQUIVO DA REAL ACADEMIA GALEGA).

cuestión e non a de Santiago. Puido haber razóns institucionais e persoais. Na universidade de Oviedo exerceu Feijóo e iso, máis que unha suposta e non comprobada dedicación universitaria en Oviedo á obra de Feijóo, pode explicar tal elección. Pero tamén puideron pesar razóns de carácter persoal. O Rector da Universidade de Santiago, D. Antonio Casares, fora elixido como membro do xurado e non compareceu o día sinalado. Polo contrario, o Rector de Oviedo, que fora invitado a título persoal a asistir ós festexos dos días 7-9 de outubro enviou unha agarimosa carta ó Presidente do Certame, lamentando non poder estar presente, que foi moi agradecida, como recolleu *El Heraldo Gallego*. Todas estas razóns puideron influír na decisión adoptada. Convocados polo Rector de Oviedo o 2 de decembro de 1876 reuníronse trece profesores, previamente designados, das facultades de Dereito e Filosofía. Entre os asistentes había importantes especialistas do dereito como Álvarez del Manzano, Uramburu, Álvarez Buylla, Francisco Fernández Cardín, Canellas Secades e tamén especialistas en Crítica Literaria e Historia como Álvarez Amandi e Vallina Subirana. Sen embargo, ningún dos convocados investigara a obra do P. Feijóo.

Nesta primeira sesión, o profesor Vallina propuxo que antes de emitir un xuízo era necesario prescindir das obras heterodoxas, proposta que foi rexeitada pola maioría[12].

O 29 de xaneiro de 1877 despois de que todos puideran le-los dous textos procedeuse á votación. Presidía a sesión o catedrático Fernández Cardín.

* O traballo presentado baixo o lema "En cualquier materia" (Concepción Arenal) foi "unánimemente excluido" para obte-lo premio, pola "marcada tendencia que el autor revela en el curso del erudito trabajo a hacer partícipe de sus racionalistas ideas al ilustre monje, interpretando de una manera violenta el espíritu de sus inmortales obras en algunos de los pasajes que cita".

  Algúns membros quixeron puntualizar aínda máis. Penzol Lavandera dixo que "más que crítico el autor de ese trabajo es un censor de Feijóo y su proceder, por tanto, lejos de marchar de acuerdo se encuentra en abierta pugna con el elevado objeto que se propuso la Comisión orensana". Pola súa parte o profesor Campillo engadiu que "presenta citas truncadas, está escrito con pasión, es erróneo en alguno de los asertos que hace, injusto generalmente en muchas apreciaciones y deja, en fin, mal parado el principio de autoridad que desprestigia y ataca".

[12] *Reseña*, op. cit. p. 9.

Non tódolos xuízos foron tan negativos. Os profesores Álvarez Buylla e Caneda Secades consideraban que o traballo revelaba "sana, profunda y exquisita crítica" con "acertadas ideas filosóficas... y buena dirección del plan" aínda que tamén se manifestan "considerables defectos de detalle"[13].

Eliminado, pois, o traballo de Concepción Arenal para optar ó premio, o Presidente da Comisión preguntou se merecía un "accessit". A resposta foi contundente: só dous votos apoiaron o "accessit" recibindo once en contra.

* Pasou o xurado a valora-lo traballo que levaba o lema "Jamque opus" (Emilia Pardo Bazán). Para Penzol Lavandera era "de excelente fondo", aínda que "muy difuso, recargado de ideas innecesarias". Para Amandi "de ideas recomendables, aunque algún tanto imperfecto, por cuanto no proporciona un conocimiento exacto de las obras del P. Feijóo". Para Polo "elegante en la forma y falta de crítica profunda"; para Campillo "de brillante estilo, pero ligero en sus juicios y aventurado en delicadas cuestiones" citando a pluralidade de mundos e a importancia social da muller. Para Arango era"de lenguaje en general florido y no del todo castizo", para Aramburu "falto de método" e, finalmente, para Ordóñez e Álvarez Manzano "reúne las condiciones que el juicio crítico exige, es innegable que por su fondo, su forma, la ilustración que revela y la defensa que hace del insigne monje es muy preferible al otro".

  De acordo cos xuízos emitidos, pasouse á votación. Acordouse "unánimemente denegar al *Estudio Crítico* n. 3 (o de Pardo Bazán) el premio de cuatro mil reales". Sen embargo, sete membros propuxeron que se lle concedera o "accesit". Votaron sete a favor e seis en contra. A favor votaron o Presidente Fernández Cardín, Álvarez de la Viña, Penzol Lavandera, Álvarez Amandi, Campillo, Ordóñez e Álvarez del Manzano.

Na sesión celebrada o 5 de febreiro de 1877 o xurado ovetense ratificou a decisión anterior acordando traslada-las actas á Comisión do Certame de Ourense.

A Comisión de Ourense, reunida o 20 de febreiro de 1877 aceptou a resolución da Universidade de Oviedo e na sesión celebrada o 21 de febreiro de 1877 acordou imprimi-las obras premiadas.

[13] Non é de extrañar este xuízo, porque Álvarez Buylla era republicano e marxista. Descoñecémo-la ideoloxía de Caneda Secades.

Aínda se volveu reuni-la Comisión o 19 de setembro de 1877 para aproba-lo Prólogo que se lle encargou a Saco y Arce sobre o *Estudio Crítico* de Pardo Bazán. Saco y Arce escribiu un prólogo entusiasta da obra que dous membros da Comisión, Paz Novoa e Sieiro, decidiron non aprobar "por no considerar acertados algunos de sus juicios".

Así remataron as vicisitudes do Certame en honor do P. Feijóo.

II.- OS TRES ESTUDIOS CRÍTICOS SOBRE FEIJÓO: DE CONCEPCIÓN ARENAL, MIGUEL MORAYTA E PARDO BAZÁN

1.- O estudio de Concepción Arenal

C. Arenal, "escritora de varonil entendimiento y serios estudios" (Pardo Bazán) tiña 56 anos cando elaborou este estudio. Estaba, pois, na plenitude da súa vida intelectual.

En canto tivo noticias do resultado do Certame de Ourense logrou publica-lo seu traballo na *Revista de España*[14] en 1877.

Arenal, aínda que se sentía atraída pola personalidade "fuerte y marcada" de Feijóo, polo seu estilo "enérgico", "cortado, conciso, sentencioso", pola "cólera santa desplegada contra el error", non se sentiu seducida pola obra do monxe bieito e durante a redacción do seu estudio, que lle levou "algunos meses", mantivo un diálogo distante co autor.

Dá a sensación de que C. Arenal quere aproveita-la ocasión para facer unha especie de axuste de contas co mitificado século XVIII español, vicariamente a través do P. Feijóo. Por iso nos di que a súa obra "despide resplandores... pero nos deja en oscuridad"[15].

Constrúe un discurso sen concesión ningunha a unha comprensible estratexia para capta-la benevolencia do xurado.

De acordo coas bases da convocatoria analiza os grandes temas da obra o P. Feijóo, seguindo un esquema elemental: recollida dos textos do autor (sen citar nunca a obra e xa non digamos a edición e as páxinas da mesma) e crítica dos mesmos desde unha estructura ideolóxica, racional, librepensadora e radical.

[14] C. Arenal, "Juicio crítico de las obras de Feijóo", *Revista de España* (Madrid), LV (1877), pp. 110-117, pp. 187-226 (debemos advertir que, por erro de imprenta, pásase da p. 223 á 226 pero sen que isto altere o texto), pp. 398-410; LVI (1877), pp. 348-365; LVII (1977), pp. 174-201.

[15] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII, p. 196

Feijóo escritor

Di que é un escritor moi desigual "porque no parece que sean del mismo hombre páginas tan desiguales, tan diferentes, tan contradictorias"[16].

Ás veces, "es un escritor de primer orden" pola enerxía coa que escribe e a pulcritude e limpeza do seu estilo: "Cortado, conciso, sentencioso pone en relieve el pensamiento con los claros oscuros de la espontánea antítesis, medio eficaz de persuasión, pero de que no pueden valerse con buen éxito los espíritus medianos"[17].

Pero noutras ocasións atópanse páxinas "incorrectas, recargadas y hasta pudiéramos decir ramplonas".

Arenal é rotunda cando afirma que "Feijóo no era poeta" porque carecía de inspirción, "no tenía ni amor profundo, ni dolor grande, ni entusiasmo febril, ni nada, en fin, que levantan esas nubes donde se forman las tempestades del corazón"[18].

Feijóo filósofo

Se por filósofo se entende ser capaz de elevarse cara á abstracción metafísica, afondar na natureza humana e analiza-la realidade con lóxica, entón Feijóo foi filósofo pero para as cuestións de segunda orde, de voo rasante, porque nunca se fixo as grandes preguntas: Deus, o home, as leis universais[19].

Non carecía Feijóo de facultades para penetrar nos grandes problemas da filosofía, pero tiña as ás cortadas: someteu as súas opinións á autoridade da Igrexa, interpretou a filosofía como "ancilla Theologiae", tendeu a "probar lo que cree" e, ademais, estaba sometido á lei dos catro candados que sufocaban a súa liberdade: a censura da orde, a censura da inquisición, a censura episcopal e a censura rexia[20] por iso conclúe C. Arenal: "tuvo facultades para ser un filósofo pero no ha podido hacer más que manifestar tendencias filosóficas"[21].

[16] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 113.
[17] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 115.
[18] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 184.
[19] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 187.
[20] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 203.
[21] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 202.

Feijóo teólogo

Os mesmos prexuízos que lle impediron ser un gran filósofo, disuadírono de dedicarse á Teoloxía. Concepción Arenal é especialmente crítica con Feijóo, seleccionando algunhas das manifestacións máis polémicas do monxe bieito: a crenza na posesión diabólica, que o Ante-Cristo nacerá de pais xudeus, porque así o testemuñan os Pais Apostólicos e os Pais da Igrexa e a súa doutrina "debe ser siempre regla inviolable de nuestra creencia", chamar á Inquisición "rectísimo tribunal", defender que Roma tiña razóns para prohibi-la doutrina de Galileo e, sobre todo, escandalízase C. Arenal cando Feijóo, de acordo cunha bula de Pío V, aproba que os médicos abandonaran ós enfermos e non lles prestaran os seus auxilios se estes se resistían a recibi-los sacramentos[22].

Todo isto demostra, di Concepción Arenal, que Feijóo era "no sólo ortodoxo sinó fanático"[23].

Non lle nega ó monxe bieito coraxe e capacidade de rebeldía, pero foi capaz de conte-los seus sentimentos, someténdose "todo entero", engadindo que "el religioso triunfó del pensador prefiriendo la inmolación a la rebeldía"[24].

Feijóo moralista

Como era habitual en Concepción Arenal, inicia o tratamento deste capítulo recoñecendo a mesura e o tino de Feijóo en xuízos éticos e morais sobre diversas cuestións. Xuízos éticos e morais que revelan "al hombre recto, al observador sagaz, al espíritu elevado"[25]. Por iso Feijóo antepón a paz ás guerras, destaca a temperanza sobre a ferocidade no comportamento humano, aínda que a historia enalteza máis os violentos, ataca a avaricia baixo a capa de piedade, etc. Despois deste recoñecemento inicial, Concepción Arenal arremete contra algúns xuízos morais do bieito galego, porque "Feijóo se extravía no pocas veces".

A Epístola que Feijóo lle escribe a unha moza que lle pregunta se pensa que é mellor o estado de casada ou o estado de perfección, recomendándolle que profese nun convento, é, para C. Arenal, algo "deforme como obra moral" porque Feijóo, no fondo, estalle a recomendar "la comodidad, el ocio y el sosiego" que garantiza a vida relixiosa nun convento fronte ó

[22] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 209.
[23] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 208.
[24] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 213.
[25] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 215.

traballo e a loita[26]. Non pode ser considerado "estado perfecto el de una criatura que no ama, ni piensa, ni trabaja, que así puede definirse a una monja" de vida contemplativa. En troques, C. Arenal manifesta a súa admiración polas monxas de vida activa. Chamarlles ás mulleres que optaron pola vida relixiosa "esposas de Cristo", é para a autora unha "ficción medio ridícula, medio impía"[27].

Feijóo xurista

Dúas son as cuestións que reclaman a preferente atención de Concepción Arenal: a xustiza e a lexitimación do poder político absoluto na España do século XVIII.

Falando da xustiza e do dereito penal, campo no que a autora tiña unha sólida formación, comeza recoñecendo que bastaría a publicación do traballo "Balanza de Astrea" para considerar a Feijóo un intelectual de criterio recto.

As consideracións que o monxe bieito fai contra o tormento como proba xudicial e as recomendacións para asegurar xuízos rápidos, merecen tamén o recoñecemento de C. Arenal. Sen embargo, engade que Feijóo "no tenía una noción exacta de la justicia en materia criminal" porque aínda que teoricamente admite a dobre finalidade da pena, resarcimento da xustiza obxectiva e corrección do delincuente, na práctica, esquécese Feijóo desta segunda finalidade, especialmente nos delictos de maior transcendencia pública[28]. Por iso o monxe afirma que nos crimes de herexía ou de lesa maxestade o restablecemento da xustiza obxectiva debe ser tan urxente que o xuízo debe ser moi rápido "aún a riesgo de que sea condenado un inocente"[29]. Iso parece demostrar que o monxe "no veía más que el derecho de la sociedad, el del reo desaparecía muchas veces en teoría y con mayor frecuencia en la práctica"[30].

Polo que respecta á estructura do poder político, Feijóo nunca rexeitou a monarquía absoluta, nin a orixe divina do poder monárquico, nin o dereito hereditario da monarquía. Tampouco alude ó dereito de insubordinación contra o tirano, nin ó tiranicidio, polo menos como o estudia Santo Tomás[31].

[26] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 221.
[27] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 222.
[28] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 400.
[29] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 401.
[30] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 401.
[31] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LX (1877), p. 407.

Arenal comprende as limitacións do discurso do P. Feijóo e procura explicalas con aquela máxima do monxe bieito: "No es lo que se siente lo que se dice, cuando es delito decir lo que se siente".

Feijóo científico

Feijóo coñecía a fondo a física, as matemáticas e as ciencias. En medicina foi, sen dúbida, o primeiro médico teórico de España no seu momento[32]. Unha vez máis, sen embargo, os prexuízos teolóxicos puideron máis có seu compromiso coa ciencia. "En Astronomía se encontraba con el imparable obstáculo de estar condenado por la Iglesia el sistema copernicano y la necesidad de admitirlo para Newton lo detenía en aceptar ostensiblemente éste y enseñarlo. Cuando la verdad fue haciéndose evidente y en la misma Roma los sacerdotes regulares, si no en las cátedras, fuera de ellas proclamaban la verdad que tuvo que retractar Galileo, ya pudo salir también al *Teatro Crítico*, cuyo autor en la larga carrera de su vida, empieza por declarar la oposición al movimiento de la tierra con las Sagradas Escrituras y concluye procurando probar que Roma tuvo razón para prohibir la manifestación de una verdad, hasta que se convenció de que lo era"[33].

Recoñece Concepción Arenal que Feijóo realizou un extraordinario avance na metodoloxía científica, valora os seus esforzos para mellora-lo ensino, aplaude a loita que mantivo contra o escolasticismo que para a autora era unha "amalgama de filosofía aristotélica y dogmatismo cristiano, era una unión heterogénea que no podía ser fecunda... poniendo lo que se llama ciencia muy por debajo de la completa ignorancia. La historia del pensamiento humano no tiene página más humilde"[34].

Pero coma sempre, despois de recoñecer estes méritos de Feijóo acúsao de non favorece-lo ensino popular e máis especificamente o ensino da muller, porque non é suficiente con recoñece-la capacidade e a igualdade con respecto ó home se ó mesmo tempo non se favorece a educación e instrucción da muller de acordo con esa capacidade teoricamente recoñecida[35].

Tampouco concorda co monxe bieito na determinación das causas da decadencia científica de España que, para Feijóo eran as seguintes: mal

[32] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVI (1877), p. 351.
[33] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVI (1877), p. 349.
[34] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVI (1877), p. 359.
[35] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVI (1877), p. 354.

ensino universitario, horror ás novidades do estranxeiro, descoñecemento da moderna filosofía, crenza xeneralizada da inutilidade da investigación e desconfianza coa ciencia estranxeira. Para Arenal estas non son as verdadeiras causas, porque son comúns a outros países que, sen embargo, progresaron. As verdadeiras causas foron a "tiranía intelectual, temor de las rebeldías del espíritu... desdén por el trabajo intelectual" e todo isto determinado por unha posesión social da Igrexa que tiña o seu brazo executor na Inquisición[36].

Feijóo historiador

No estudio de Feijóo "Reflexiones sobre la historia", C. Arenal atopa un "espíritu de observación, sagacidad rara" que son aspectos moi encomiables[37]. Valora tamén a imparcialidade nos xuízos sobre personalidades que foran maltratadas polos historiadores. Consecuentemente co seu principio de exaltar máis que a heroicidade o traballo, a abnegación e a ciencia, Feijóo, que manifesta horror pola violencia e a tiranía, discrepa das biografías heroicas dos que ergueron a súa fama na guerra, na destrucción e na violencia. E todo isto, escribe C. Arenal "le ha dictado hermosas páginas en pro de la humanidad y la justicia"[38].

En calquera caso di C. Arenal que Feijóo non foi propiamente historiador por carecer de sistema e non facer nunca un relato seguido[39]. E nalgúns casos, e contradicindo os seus propios principios, formulou xuízos sobre diversas persoas ou acontecementos "cuando no hay datos más que para la duda".

Feijóo, recapitulación

Por se non quedaba claro cál era a súa posición con respecto á obra de Feijóo en cada un dos capítulos xa estudiados, fai ó final do seu estudio unha recapitulación demoledora, marcando as contradiccións do monxe bieito.

Sen dúbida ningunha a súa fisionomía moral era "bella, noble, imponente" pero asume tódalas contradiccións do seu tempo histórico.

[36] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVI (1877), p. 357.
[37] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 177.
[38] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 176.
[39] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 177.

* Encarece non só o traballo senón tamén unha cultura do traballo nunha sociedade impregnada de tics sociais que sobrevaloraba o ocio como mecanismo de ascensión social. Pero C. Arenal atopa unha contradicción con estes principios no seu consello a unha moza para que entre nun convento e acepte a vida contemplativa, vida, para ela, "de inútil y degradante ociosidad"[40].
* Feijóo pretende dignifica-la xustiza pero nos conflictos entre a lei e a conciencia inclínase a favor desta[41].
* Quen se compadece da vida dos animais, mira con indiferencia a pena de morte e mesmo xustifica execucións, como a de Sovonarola.
* Quen defende a liberdade científica acepta, ás veces, os sofismas "propios del escolástico más inepto", como cando pretende xustifica-la condena de Galileo[42].
* O seu espírito compasivo non lle impide acepta-la Bula de Pío V que lles prohibe ós médicos atende-los enfermos, mesmo en casos graves, se se resisten a recibi-los sacramentos, ou xustifica-la conducta do Papa Clemente V" por su criminal complicidad en el sacrificio de los templarios"[43].

Son tan evidentes estas contradicións que só se poden explicar, di C. Arenal, por vivir retirado do mundo, nun claustro que lle impide senti-las grandes ledicias e as grandes dores, por someterse incondicionalmente á Igrexa e por idolatrar ó Rei.

Por todo iso, conclúe C. Arenal que a figura de Feijóo "despide resplandores" pero "nos deja en oscuridad"[44].

Conclusión

C. Arenal, aínda que di que pretende facer un traballo imparcialmente, sen a mediación intelectual "de ningún partido ni escuela"[45], elabora un estudio radicalmente ahistórico, porque nin parece coñece-la cultura e o estado da ciencia no século XVIII, nin sitúa a Feijóo no seu tempo histórico. Xúlgao desde unha ideoloxía radicalmente librepensadora, filla dun liberalismo progresista, que Feijóo nin coñeceu nin posiblemente intuíu.

[40] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 193.
[41] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 193.
[42] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 194.
[43] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 194-195.
[44] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LVII (1877), p. 196.
[45] C. Arenal, "Juicio crítico", op. cit. *Revista de España*, LV (1877), p. 111.

Dá a sensación de que C. Arenal, intelixente como era, tivo que percatarse desta contradicción. Pretendía axustar contas cunha estructura ideolóxica que, aínda no seu tempo -finais do século XIX-, seguía operando como un factor de regresión intelectual e social.

C. Arenal era moi consciente de que o seu traballo non podía ser premiado, por iso non fixo concesión ningunha na súa redacción.

O xurado ourensán, maioritariamente progresista, tiña nas súas mans darlle o premio ó estudio de Concepción Arenal, pero, tomou o intelixente acordo de dividi-lo seu voto, provocando un empate. Eran moi conscientes de que non debían premiar un discurso que ademais de non respecta-las normas máis elementais da crítica histórica, produciría en Ourense un escándalo porque, como diría Penzol Lavandera, da Universidade de Oviedo "más que crítico, el autor de este trabajo es un censor del P. Feijóo".

2.- O estudio de Miguel Morayta

Morayta tiña 42 anos cando escribiu este estudio crítico sobre Feijóo. Catedrático de Historia de España na Universidade Central, viviu intensamente o Sexenio. Deputado por Loja no Congreso, Embaixador Extraordinario de España en Constantinopla e Roma durante a Primeira República, tivo que reformula-las súas estratexias intelectuais e políticas cando chegou a Restauración.

Neste momento aínda non lera o famoso *Discurso Inaugural da Universidade Central* (1884) que produciu unha conmoción sen precedentes polo seu radicalismo ideolóxico, nin constituíra a Liga Anticlerical da que foi o primeiro Presidente nin, supoñemos, creara o Gran Oriente Español do que foi Gran Mestre.

Neste momento militaba no partido republicano posibilista que lideraba E. Castelar.

¿Por que Morayta, librepensador e anticlerical, afanado nas loitas políticas máis extremas decide investigar e redactar un estudio crítico sobre o monxe bieito? Cando pasados moitos anos decidiu publica-lo estudio[46] dinos que o fai como un "tributo de consideración y respeto a la memoria de un sabio íntegro y honrado, a quien quizá lo deben todo la cultura intelectual moderna y las ideas de progreso"[47]. E non temos ningunha razón para

[46] M. Morayta, *El Padre Feijoo y sus obras*, Valencia (s.a.) (posiblemente de 1912).

[47] M. Morayta, *El Padre Feijoo, p. VI.*

dubidar de que esta foi tamén a intención que o levou a presentarse ó premio de Ourense no ano 1877.

Para Morayta, Feijóo rompe coa ciencia tradicional, abre as portas do progreso científico e coa ciencia fai penetrar en España un alento de liberdade, precursor do primeiro liberalismo español que toma corpo nas Cortes de Cádiz e que se abre esplendoroso nunha fronda de movementos intelectuais, entre os que hai que conta-lo librepensamento no que militaba Morayta. Desta maneira, Feijóo sería o gran precursor da liberdade científica, social e política de España.

Esta tese tan arriscada é o fío conductor do estudio que elabora Morayta. Pero antes de ir expoñendo os diversos capítulos do seu estudio é necesario comproba-la validez da nosa interpretación.

Feijóo creou "un movimiento científico literario totalmente distinto de la mortífera calma contemporánea de la juventud del monje de Samos"[48]. Consecuencia deste movemento foi a aparición dunha xeración formada por "Jovellanos, Moratín padre, Melón y Villanueva, Cadalso, poetas tan justamente renombrados como Iriarte, Samaniego, Meléndez Valdés, Cienfuegos, Gallego y Quintana... pero todos obedecieron al impulso impuesto a la cultura patria por el sabio benedictino"[49].

O movemento, inspirado por Feijóo, é proseguido por Godoy, "amigo de las luces" que, antes de entregarse a Napoleón, "por orgullo y por convencimiento aparece constantemente fiel a la política expansiva y antifrailuna, que teniendo poco de revolucionaria, habría, sin embargo, podido salvar a España"[50].

O impulso feijoniano é o que explica o primeiro liberalismo español, porque se os liberais de Cádiz "se mostraron enemigos jurados del absolutismo" non foi por influencia de Rousseau, Voltaire e dos enciclopedistas ós que leron "más para admirarlos que para seguirlos" senón porque leron en Feijóo "que el rey es un hombre como todos los demás, cuya fortuna debe a Dios que pudo poner otra estirpe diferente en el trono, y que hizo al rey para el reino y no el reino para el rey y que si resultaron demócratas fue por la circunstancia de ser en España lo antiguo la libertad"[51]. Os liberais de Cádiz estiveron cronoloxicamente lonxe de Feijóo, "pero como éste les abrió la puerta y empujó la corriente que les presentó en escena, entre ellos y Feijóo

[48] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 222.
[49] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 226.
[50] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 228.
[51] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 230.

Voda de Blanca Quiroga Pardo Bazán e José Cavalcanti. De esquerda a dereita Antonio Tovar e Marcoleta, vestido con uniforme militar de gala (representando ó infante don Fernando de Borbón que ía se-lo padriño da cerimonia); Blanca, co traxe de noiva; José Cavalcanti, con uniforme militar de gala, e Emilia Pardo Bazán (representando á infanta dona María Teresa de Borbón) (24-10-1904).

(CORTESÍA DE D. JAVIER OZORES MARCHESI, CONDE DE PRIEGUE).

existe notable parecido". Conclúe Morayta: "Loor al padre maestro que sacó la cultura nacional del abismo adonde la llevaron la Inquisición y el poder absoluto de los Felipes, imagen de Dios sobre la tierra"[52].

Agora compréndese que Morayta se sentira tan preto de Feijóo que mesmo parecía que del recibira o zume ideolóxico e vital que o levaba a prosegui-la obra do monxe bieito como unha especie de legado de obrigado cumprimento.

Xa se comprende que a Morayta non lle interesaba facer un estudio crítico da obra de Feijóo senón un estudio apoloxético que lle permitise traer desde a obra do monxe un proceso liberador cultural e político, que se concreta no século XIX.

A interpretación interesada e mesmo sectaria que Morayta fai do pensamento e da obra de Feijóo nada ten que ver coa presentación formalmente académica que o autor fai do seu estudio crítico. Desde esta perspectiva a obra de Morayta é indubidablemente a máis lograda: tódolos parágrafos de Feijóo aparecen perfectamente citados nos tomos e nas edición do monxe bieito, utiliza unha bibliografía moi completa sobre o século XVIII, recolle na prensa española e estranxeira a pegada da obra de Feijóo e elabora dous capítulos sobre as polémicas do monxe con outros autores que son realmente espléndidos, aínda que confesa que nalgúns casos contou con correspondentes no estranxeiro que lle proporcionaron importante información[53].

Filosofía e relixión en Feijóo

Por exceso de xenerosidade ou por frivolidade, Morayta di que os traballos filosóficos de Feijóo constitúen "un tratado completo de las cuestiones integrantes de esta ciencia desde sus comienzos hasta su estado en aquel tiempo, fuera y dentro de España"[54]. A súa obra é, pois, "un mirador ante el que habían de comparecer integramente y juzgados todos los errores comunes"[55].

Enfrontouse ós erros "por el saber, debidamente esclarecido que es tanto como por el libre examen. Feijóo en efecto, no reconocía otra autoridad que su razón cuyos fueros alcanzaron a todo menos a lo realmente definido por la Iglesia"[56].

[52] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 230-231.
[53] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. VI.
[54] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 58.
[55] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 39.
[56] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 57.

A insistencia pouco afortunada no "libre examen" como instrumento gnoseolóxico de Feijóo é reiterada pouco máis adiante cando escribe Morayta: "*El Theatro* y las *Cartas* son, efectivamente, la obra de largas reflexiones y se inspira en el libre examen, tal como podía defenderlo un católico"[57]. Está claro que Morayta non pretende darlle á expresión "libre examen" a connotación teolóxica que ten, senón unicamente salientar que Feijóo asume a racionalidade como única forma de coñecemento, agás as cuestións de fe.

Non só adversario senón "enemigo a muerte de Aristóteles" as preferencias metodolóxicas de Feijóo foron para Bacon, porque "el método y el sistema experimental lo enamoraban". Sen embargo, recoñece que a característica máis acusada do monxe en filosofía foi o eclecticismo.

Morayta que, neste intre, profesa un materialismo dialéctico, lamenta que Feijóo tivera un coñecemento pouco profundo da filosofía materialista, aínda que a intúa, exculpándoo polas dificultades e prohibicións ás que estaba sometido o comercio de libros estranxeiros en España, e moi especialmente os libros de filosofía materialista. Feijóo, engade, chega ó límite na súa reflexión filosófica cando ten que defini-la materia e o espírito chegando á conclusión de que "en las substancias creadas hay un medio entre el espíritu y la materia", expresión coa que o monxe bieito non fai máis que apraza-lo problema sen resolvelo[58].

Comprende Morayta os graves problemas de fe e conciencia que pesaron sobre o monxe cando tivo que optar pola racionalidade rexeitando o principio de autoridade. Morayta reinterpreta a Feijóo marcándolle os límites: "Para la religión, la fe, la creencia ciega, los ojos vendados; para la filosofía la razón, la libertad, la facultad de creer o no y de considerar bueno o malo, verdad o error, lo que la propia investigación dicta a cada cual"[59]. Oxalá as cousas foran así de claras para o monxe bieito.

A historia e a política

Feijóo, escribe Morayta, sentou as bases da nova historia[60] ó "romper con la autoridad y comenzó a aquilatarlo todo en el crisol de crítica verdadera"[61]. Por iso ás veces aparece un Feijóo hipercrítico coma se "se estableciera

[57] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 57.

[58] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 61, nota.

[59] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 62 e p. 57.

[60] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 108. Cando estudiémo-lo *Estudio Crítico* de Pardo Bazán reformularémo-la cuestión de Feijóo historiador.

[61] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 108.

la duda como fundamento de todo, llegándose así a negar la existencia de preclaras glorias y aún la de algunos de nuestros héroes nacionales".

De acordo con este criterio, o monxe bieito analizou historicamente o que significou a conquista de América e non escatimou expresións e xuízos contra a crueldade e a avaricia dos españois.

Relativizou o fervor patriótico, xermolo de tantas guerras, o que interesadamente suscita en Morayta o seguinte comentario: "¿Presentiría Feijóo la confraternidad universal, objeto predilecto de tantos escritores y de tantos políticos contemporáneos... Algo de esto apunta en el discurso *Antipatía de franceses y españoles* que niega en redondo, y que caso de existir, sólo consiste en los daños que mutuamente se han hecho en las guerras promovidas por las opuestas pretensiones de sus príncipes"[62].

Insiste moito Morayta nas ideas de Feijóo sobre o poder político. Selecciona, para iso, as expresións máis novidosas, coma cando Feijóo afirma que "el rey es hombre como los demás", que a esencia do poder real non está en conquistar territorios senón en gobernar en paz e en beneficiar ós seus súbditos.

Morayta prescinde intencionadamente dos positivos xuízos de Feijóo a favor da realeza española, da súa disposición a acata-lo sistema vixente de monarquía absoluta e a reafirmación de que o poder real procede de Deus. Silencia que Feijóo elude toda a problemática do tiranicidio, a pesar de que estaba ben asentada na teoloxía católica desde Santo Tomás ata as correntes máis renovadoras dos xesuítas. Esquecendo todo isto, Morayta conclúe: "El discurso que las contiene (refírese ás ideas sobre a política) declara, pues, ya no el talento del escritor sino la severa altivez del ciudadano que ante las gradas del trono depone la adulación y habla con la entereza que exige el lenguaje de la verdad"[63].

Falando da xustiza prescinde de tódolos textos que a Concepción Arenal lle causaran tanto escándalo. Habilmente salienta aqueles aspectos que, en hipótese, vinculan a Feijóo co pensamento liberal posterior. Así afirma que el foi o primeiro en opoñerse á tortura como proba xudicial[64] e conclúe que a tortura "tuvo honroso fin y justo acabamiento en las Cortes de Cádiz"[65]

[62] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 114.

[63] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 116.

[64] En realidade xa Luis Vives, e os PP. Lacroix e Spé se lle adiantaran na condena da tortura como proba xudicial.

[65] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 120.

enlazando, en forma máis ou menos crítica, Feijóo e liberalismo.

Por todo isto, "Feijóo era, pues, un político innovador"[66].

Feijóo científico

A escolástica, escribe Morayta, "consideraba tan ajeno e indigno de la filosofía el experimento, que lo proscribía de su dominio por tosco, rudo y anticientífico. Toda, absolutamente toda la reata filosófica, debía darse por la reflexión y el raciocinio, apoyadas por supuesto por la autoridad del maestro"[67]. Isto explicaría a serie de dislates que constitúen o fondo das obras dos escolásticos.

Feijóo, optando pola experiencia, rachou con este método: "Sin la experiencia, escribe Feijóo, ni es posible estudiar la naturaleza ni tener de ella conocimiento exacto". A experiencia é, por conseguinte, segundo afirma Morayta, a regra matemática da fe humana[68].

Coa introducción do empirismo, que Morayta atribúe a Feijóo, foi posible a modernización económica de España: "De él depende el bienestar de los pueblos, el ahorro del trabajo físico, la transformación más grande que la cultura humana logró nunca"[69].

O carácter apoloxético da obra de Morayta obrígao, en certa maneira, a presenta-la obxección de cómo se poden concilia-la opción pola racionalidade polo empirismo coa súa oposición, durante tanto tempo, ó pensamento e ideas newtonianas. A resposta de Morayta é a seguinte: "Grima da consignarlo: porque no creía a España capacitada para admitir estas novedades, es decir, que aún cuando conocía toda la verdad, no la aceptaba, o, al menos, no la exponía como por é creída y confesada"[70].

Conclusión

Fascinado pola modernidade de Feijóo, Morayta constrúe un discurso con evidente intención manipuladora, en canto o fai converxer co liberalismo e, en última instancia, sitúao como o precursor directo non só do liberalismo senón tamén das distintas tendencias que agromaron do mesmo, como o librepensamento e mesmo o materialismo.

[66] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 126.
[67] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 143.
[68] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 144.
[69] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 144.
[70] M. Morayta, *El Padre Feijóo*, p. 150.

Fai emerxe-la súa ciclópea figura no páramo do século XVIII español, rachando co seu tempo histórico, apostando polo empirismo, profesando -agás das verdades definidas pola Igrexa- un racionalismo radical e presentándose ante o Trono non como un vasalo senón como un cidadán.

O que hai de confusión teórica ou de oportunismo neste discurso quedará máis claro cando estudiémo-lo traballo de Pardo Bazán no que apuntarémo-la bibliografía e os xuízos máis actuais sobre a obra e o pensamento de Feijóo.

III.- O ESTUDIO CRÍTICO DE EMILIA PARDO BAZÁN

1.- **O certame de Ourense e a recuperación intelectual do P. Feijóo**

Os organizadores do Certame Literario de Ourense do ano 1877 eran moi conscientes de que a auréola de Feijóo se ía esvaecendo pouco a pouco. A penas aparecía citado nos manuais de literatura, e os escasos estudios sobre a súa obra, agás o de Anchóriz ó que logo nos referiremos, máis parecían escritos para escurece-la súa fama que para enaltece-la súa memoria.

Sempere y Guarinos no século XVIII[71] canonizou, en certa maneira, a obra de Feijóo ó escribir que a comezos do século XVIII España estaba sumida nas tebras cando a aparición do *Teatro Crítico* fixo retrocede-la escuridade e chegou, de novo, a claridade.

Xa no século XIX, Laborde, no seu recoñecido *Itenerario*[72], fai unha loanza xusta pero tamén xenerosa do sabio bieito. Blanco White na súa *Letters of Spain*[73] recoñece que a lectura das obras de Feijóo fixo muda-lo seu pensamento radicalmente e, por iso, o tiña como unha das glorias de España.

Fixémonos, sen embargo, que o primeiro é un escritor estranxeiro e o segundo escribe fóra de España. Aquí, agás do compendio metódico publicado por Marqués y Espejo en 1809, en dous tomos, nos que se recollen diversos estudios de Feijóo, nada ou moi pouco se escribe sobre o noso autor, se exceptuamos algunhas biografías aparecidas en diccionarios ou compendios biográficos[74].

[71] Sempere y Guarinos, J., *Ensayo de una Biblioteca Española de los mejores escritores del reinado de Carlos III*, I, Madrid 1785, p. 15.

[72] Laborde, Alexandre de, *Itineraire descriptif de l'Espagne*, París 1808.

[73] *Letters from Spain*, by Don Leocadio Dobaldo (Blanco-White), London 1822.

[74] Hai unha biografía de Feijóo no *Diccionario Histórico. Biografía Universal Compendiada*, Barcelona 1832 (citado por Otero Pedrayo, *El Padre Feijóo*, op. cit. p. 735). Na *Biografía Eclesiástica Completa*, Barcelona 1847, elabora a biografía de Feijóo, R y C, que segundo Menéndez Pelayo, é Roca y Cornet o autor da mesma.

No ano 1845 o Ateneo de Madrid encoméndalle a D. Antonio Alcalá Galiano un curso sobre a "historia de las literaturas española, francesa, inglesa e italiana en el siglo XVIII". Feijóo aparece, sen dúbida, como a maior figura do século XVIII en España, pero para Alcalá Galiano non é un enxeño de primeira orde, nin quizais de segunda, aínda que lle recoñece gran carácter. Noutro lugar di que Feijóo é escritor de valor moi escaso, pero hai que lle recoñecer que introduciu en España a dúbida. Boa parte do que escribiu non foron máis que traduccións dos diccionarios franceses...

A mediados do século XIX encargóuselle a Vicente de la Fuente a introducción dunha edición das obras de Feijóo para a Biblioteca de Autores Españoles. A introducción, escrita forzosamente e sen entusiasmo ningún polo autor, volve insistir no escaso gusto literario de Feijóo.

Que había unha demanda na sociedade por coñece-la obra de Feijóo parece indicalo o feito de que só no século XIX Marañón localizara sete edicións[75], pero esta demanda non produciu estudios específicos sobre o monxe bieito, ata 1877 data do Certame Literario de Ourense, se exceptuámo-lo *Discurso* pronunciado por D. Xosé María Anchóriz na inauguración do curso da Universidade de Oviedo, en 1857[76]. Aínda que estamos ante unha obra excesivamente apoloxética e escasamente crítica foi, ata 1877, o único traballo no século XIX sobre Feijóo.

Polo que respecta a Galicia, foron os provincialistas, a primeira xeración galeguista, os que se decataron da extraordinaria importancia de Feijóo e Sarmiento na construcción dun imaxinario liberal e galeguista. Por iso Faraldo, o líder indiscutible desta primeira xeración, prestou atención a Feijóo como paradigma da capacidade do xenio galego[77]. Con posterioridade, outros membros da mesma xeración asumiron a Sarmiento como precursor. Sen embargo, quen captou toda a capacidade intelectual, pero tamén mitificadora destes dous grandes xenios, foi Murguía. Basta le-la entrada que fai a Feijóo no seu *Diccionario*[78] ou as alusións que introduce no prólogo da súa *Historia de Galicia* para comprender cómo Murguía calou na transcendencia de Feijóo (e na de Sarmiento) para a construcción dunha *Historia de*

[75] Marañón, G., *Las ideas biológicas del P. Feijóo*, Madrid 1933 (citamos pola segunda edición, Madrid 1941), p. 25, nota 2.

[76] Anchóriz, *Biografía y juicio de las obras que escribió el Ilustrísimo y Reverendísimo P. Fray Benito Gerónimo Feijóo*, Oviedo 1857.

[77] Faraldo, A., "Filósofos gallegos: Feijóo. Su espíritu filosófico e influjo en la civilización española", *El Recreo Compostelano* (1843).

[78] Murguía, M., *Diccionario de Escritores Gallegos*, Vigo 1862-1865, pp. 199-212.

Galicia non pechada en si mesma senón aberta á cultura europea do momento.

Polo que antecede xa se comprende o acerto que tiveron os organizadores do Certame Literario de Ourense de 1877, dotando ademais o premio cunha cantidade importante para atraer ó concurso intelectuais de prestixio. E acertaron porque a publicación dos traballos de Concepción Arenal e de Pardo Bazán animaron o cotarro e o alboroto intelectual, especialmente cando Menéndez Pelayo publica o terceiro tomo da *Historia de los Heterodoxos,* en 1882, e no que, sen mostrarse entusiasta de Feijóo, non deixa de recoñece-la transcendencia da súa obra, aínda que lle nega o carácter excepcional que outros autores lle atribuíron.

Neste contexto de manifesto distanciamento da intelectualidade con respecto á obra de Feijóo no século XIX, distanciamento que procedía do feito de que só se analizaba a obra literaria, pode explicarse a arroutada atribuída a Alberto Lista cando dixo que a Feijóo se lle debía levantar unha estatua e despois queima-los seus libros diante dela.

2.- Pardo Bazán atópase con Feijóo

Ela mesma nos transmite o seu entusiasmo xuvenil pola obra de Feijóo: despois de "dos años de devorar, primero, revisar después y meditar por último, los escritos del inmortal benedictino"[79] sabe da convocatoria do Certame Literario de Ourense, e a pesar de que nace o seu fillo Jaime no mes de xullo -o prazo de entrega remataba o 15 de setembro- decide presentarse: "Jaime, mi primogénito, nació en julio de 1876 y apenas expiré la cuarentena, a pesar de mis padecimientos y fatigas de nodriza y madre, realicé el proyecto, que traía formado desde Madrid de optar al premio del Certamen que se celebraba en Orense para honrar la memoria del Padre Feijóo. En unos veinte días escribí el *Ensayo Crítico* que mi escribiente iba copiando apenas salía de mis manos la página llena de tachaduras".

Tiña neste momento 25 anos, por conseguinte Feijóo fascínaa desde os 22 ou 23 anos.

Con serena obxectividade recoñecía no ano 1886 que o seu estudio tiña "lunares y defectos gravísimos" derivados do descoñecemento que naquel intre tiña da literatura do século XVIII, da "inexperiencia del cerebro, incapaz de sujetarse a severo plan, y de la pluma inhábil para ceñirse a la

[79] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, p. 17 e pp. 161-162.

materia que trata y ahondarle y depurarlo". Por iso entendía que non se podía reimprimir "sin refundirlo totalmente".

En 1887, Pardo Bazán foi invitada de honor para presidi-lo Certame Literario de Ourense, celebrado para solemniza-la erección da estatua de Feijóo o 10 de setembro de 1887. Con este motivo pronunciou un gran discurso, "Feijóo y su siglo"[80] no que amplía e matiza o *Estudio Crítico* escrito en 1876 e impreso en 1877, pero sen rectificar ningunha das ideas básicas deste traballo nin a tese central do mesmo. Por iso non se debe estudia-lo *Estudio Crítico* de 1877 sen ter diante o *Discurso* de 1887 que lle serve de complemento a aquel.

A urxencia en presenta-lo seu *Estudio Crítico* ó Certame impediulle estudiar tódolos aspectos contidos na obra do P. Feijóo, como ela mesma recoñece, reducindo a súa análise a catro capítulos: Feijóo literato, moralista e moralizador, filósofo natural e, finalmente, nun último capítulo misceláneo que titula "Presentimientos, tendencias e ideales" estudia outras cuestións do pensamento do monxe bieito.

Sen embargo, á marxe desta división convencional hai unha estructura e hai unha tese central, que aparece reafirmada e ampliada no *Discurso* de 1887. Os capítulos fundamentais desta tese son os seguintes:

1) Absoluta decadencia das letras e da ciencia en España no século XVII, *expresión da decadencia económica e política.*
2) Neste deserto emerxe a figura ciclópea de Feijóo quen, cos seus libros alborota e sacode a sociedade española facéndoa cambiar. Contemporáneos a Feijóo hai outros eruditos e sabios, pero só el foi capaz de muda-la tendencia, porque gozaba da "gracia dinámica"[81] que só posúen os xenios. Por iso é o oráculo do século XVIII[82]. E arrastra con el a sociedade española porque presenta un proxecto renovador desde a españolidade e desde a ortodoxia.
3) A súa influencia foi tan profunda que sen el non se pode entende-lo século XVIII, nin a Ilustración e a súa pegada segue presente no século XIX.

Analizaremos, en primeiro lugar, a súa tese central e verificarémo-la súa actualidade de acordo coas investigacións máis recentes. En segundo lugar, desenvolverémo-lo *Estudio Crítico* nos seus catro capítulos para que quede

[80] Pardo Bazán, E., "Feijóo y su siglo", en *De mi tierra*, A Coruña 1888, pp. 143-217.
[81] Pardo Bazán, E., "Feijóo y su siglo", p. 183.
[82] Pardo Bazán, E., "Feijóo su siglo", p. 216.

claro o pensamento de Pardo Bazán salientando as súas achegas máis novidosas e as súas eivas.

A) A decadencia española do século XVII.

A idea da decadencia española xa aparece destacada no *Estudio Crítico* como punto de partida: "Manifiesta era ya la decadencia de nuestra literatura y el agotamiento de nuestro vigoroso plantel clásico, cuando Feijóo empezó a dar al público sus sabrosos trataditos"[83]. Así inicia o seu *Estudio Crítico.* Pero se nesta obra só se refire á decadencia intelectual, no *Discurso* xa aparece descrita, en termos vigorosos, como unha decadencia total: na economía, na política e na sociedade. Fala de "agotamiento", "extenuación", "enflaquecimiento y ruína". Baste o seguinte parágrafo: "Cuando bajó a la tumba el pobre fanático (refírese a Carlos II), resto de la sangre imperial, nos dejaba en tristísima extenuación, mermado y despoblado el territorio, sangrada en las cuatro venas la hacienda, perdidas nuestras conquistas, cerrado el ciclo de nuestras victorias, aniquilados los ejércitos de mar y tierra, anulada nuestra influencia exterior, y lo que es más grave, entregada España como buena presa a las potencias europeas"[84].

Pardo Bazán enfatiza a decadencia non só por motivos retóricos senón como recurso antitético para resalta-la figura de Feijóo, e, ademais, para xustificar desde a historia a debilidade da argumentación de Menéndez Pelayo que nega tal absoluta decadencia intelectual na *Historia de los Heterodoxos.* Menéndez Pelayo está presente en todo o discurso de 1887, mesmo Pardo Bazán pide para el un sonoro aplauso do público asistente, que este xenerosamente lle prodiga, e a autora fai esforzos non habituais nela para concilia-la admiración polo sabio montañés coa ratificación da súa valoración sobre Feijóo.

Cunha lóxica histórica irrefutable estalle dicindo a Menéndez Pelayo que nun proceso de decadencia que afecta a todo o corpo social é imposible que as letras e a ciencia non resulten afectadas.

Aínda que non cita ningunha obra histórica, Pardo Bazán séntese segura na súa valoración do século XVII, que respondía exactamente ó xuízo dos historiadores máis solventes da súa época.

Agora ben, a construcción histórica da interpretación da decadencia española facíase en relación con dous feitos: o da crise política (algo

[83] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, p. 23.

[84] Pardo Bazán, E., "Feijóo y su siglo", p. 149.

evidente polo que respecta á decadencia internacional) e a abundante literatura arbitrista contemporánea, recompilada por Colmeiro en 1863 e representada principalmente por Juan de Arrieta, González de Cellorigo, Pedro de Valencia, Lope de Deza, Fernández de Navarrete, Caxa de Leruela que entre 1581 e 1631 publicaron unha serie de obras nas que se constataba a decadencia económica e arbitraban solucións para a mesma. Tratábase, por conseguinte, dunha crise económica máis sentida que comprobada.

A investigación actual sobre a decadencia económica, que combina as contribucións punteiras no seu día de Hamilton sobre as remesas de prata chegadas de América, as investigacións de P. Chaunu sobre o tráfico comercial coas Indias, os estudios dos prezos de F. Ruiz Martín coas achegas que proporcionan os estudios demográficos e económicos das investigacións rexionais permiten xa avanzar dúas conclusións:

* Unha nova periodización da decadencia que non nace no século XVII senón no XVI, entre 1560-1580 e que ten o seu epicentro a mediados do século XVII e unha evidente recuperación a partir de 1670-1680.
* Que a decadencia non afecta por igual a todo o territorio español, no que se advirte unha economía dual: unha economía en recesión, principalmente na España interior, e unha economía periférica, especialmente mediterránea na que se advirten síntomas moi claros dunha recuperación económica desde 1660 en adiante. Non é casual que Valencia, Sevilla e Cataluña, ofrezan a finais do século XVII e comezos do XVIII os grupos, asociacións e academias intelectuais máis renovadoras e claramente comprometidas coa nova ciencia, bastantes anos antes da espectacular aparición da obra de Feijóo, cuestión esta que estudiaremos de inmediato[85].

Facemos estas precisións cronolóxicas sobre a decadencia e a crise porque é así cómo poden explicarse fenómenos intelectuais como a aparición dos "novatores", hoxe recuperados pola ciencia, e non só sentimentalmente como aparecían na obra de Menéndez Pelayo, que explican as rectificacións necesarias á idea xeneralizada sobre a decadencia española.

[85] Unha magnífica aproximación ó estado da cuestión sobre a decadencia económica no século XVII ofrécenola Pérez García, J., "Economía y sociedad", en *La crisis del siglo XVII, Historia de España*, Ed. Planeta, VI, Barcelona 1988, pp. 175-358.

Os "novatores"[86].

A revolución científica do século XVII producida nas universidades protestantes de Holanda, especialmente en Leyden, na Royal Society de Londres, penetrou en España a través dos faladoiros, academias e sociedades de Valencia, Sevilla, Zaragoza e Madrid, porque non é certo que España permanecera illada. Como comenta Sánchez-Blanco Parody[87], un dos investigadores máis rigorosos sobre o pensamento español dos séculos XVII e XVIII, "internacional era la Iglesia con sus órdenes religiosas, internacional era la diplomacia y el comercio e internacionales eran, antes que nada, las ideas que fui rastreando, poco a poco, en periódicos, cartas y tratados filosóficos". Nestas academias e faladoiros, fóra do marco universitario, créanse estructuras de comunicación científica internacional.

En Madrid son os faladoiros do marqués de Mondéjar e do Duque de Montellano os que acollen ós intelectuais procedentes doutras asociacións, como sucede con Diego María Zapata que, procedente de Sevilla, se instala en Madrid en 1687 e alí convive co Marqués, con Juan Lucas Cortés e con Nicolás Antonio "cuya sabiduría, erudición e inteligencia parece que llegó a más allá de lo posible, como lo acredita su *Bibliotheca Hispana*[88].

En Sevilla son preferentemente os médicos os que inician a Real Sociedad Sevillana de Medicina y Cirugía, con Muñoz Peralta, o xa citado Diego María Zapata, o filósofo Miguel Jiménez Melero.

En Zaragoza destacan Juan de Bercebal, Atilano Tomás Manente, Francisco Elcarte e José Lucas Casalete. Pero é Valencia quen presenta un conxunto de personalidades tan destacadas en ciencias, en humanidades, en matemáticas, que é inconcibible descoñece-la súa pegada na cultura española anterior a Feijóo. Aquí escriben, investigan, estudian Tosca, Corachán, o deán Martí, Pérez Bayer, Forner e, sobre todo, Mayáns y Siscar[89].

O descoñecemento desta xeración, que antecede a Feijóo, que abandona a física aristotélica para optar pola teoría corpuscular de Descartes ou de Gassendi, que aposta polo coñecemento empírico, que afianza a razón

[86] Parece ser que o termo procede de P. Francisco Palanco, *Dialogus physico-theologicus*, Matriti 1714, que o usa en forma despectiva e como sinónimo de "inventor de novedades".

[87] Sánchez-Blanco Parody, *Europa y el pensamiento español del siglo XVIII*, Madrid 1991, p. 18.

[88] Tomado de Mestre, A., *Despotismo e Ilustración en España*, Barcelona 1976, p. 14.

[89] Mestre, A., *Ilustración y reforma de la Iglesia. Pensamiento político-religioso de Don Gregorio Mayáns y Siscar*, Valencia 1968.



Tarxeta postal de dona Emilia dirixida a don Luciano Marchesi. A Coruña (1915-1921).
(CORTESÍA DE D. JAVIER OZORES MARCHESI, CONDE DE PRIEGUE).

como norma superior ó principio de autoridade, que argumenta que a Teoloxía ten que abandona-la física aristotélica que lle servía de base para non aparecer comprometida co desdén xeneralizado a esta física, explican a sorpresa da obra de Feijóo que está inmerso nesta cultura e se beneficia dos avances da xeración anterior.

Cando Marañón di con admiración que Feijóo dispuxo dun microscopio (que, por certo, regalou a Sarmiento) "tal vez el primero que vino a España", descoñecía que a finais do século XVII o microscopio era utilizado en Valencia e mesmo alí podían fabricarse como o demostra a obra de J. B. Corachán sobre o método para facer e amaña-los telescopios e microscopios (1687)[90].

Está claro que cando Pardo Bazán e os dous autores que concorren con ela, C. Arenal e Morayta, presentan os seus estudios descoñecían canto acabamos de expoñer, resultado de longas e fatigosas investigacións, algunhas delas moi recentes. Só a excepcional erudición de Menéndez Pelayo podía intuír e, nalgúns casos, mesmo demostrar algo que hoxe está suficientemente comprobado. Pero nin o mesmo Menéndez Pelayo podía sistematizar estas intuicións e dárlle-la estructura necesaria.

O único que nos sorprende é que no *Discurso* de 1887 e á vista do publicado por Menéndez Pelayo, Pardo Bazán non rectificara ningún dos seus xuízos e mesmo se ratificara globalmente coa interpretación anterior. Posiblemente o arrefriamento intelectual entre Pardo Bazán e Menéndez Pelayo, ó que alude Ana María Freire[91] pode explicar este posicionamento.

Pardo Bazán que, como vimos, aceptaba a decadencia do século XVII, no teatro, na lírica, na mística, na música, na arquitectura, na historia, tamén recoñecía o atraso científico: "España guardaba y custodiaba tenazmente lo que había aprendido, ni más ni menos. El galenismo en medicina, el ptolomeismo en astronomía, el aristotelismo en metafísica; he aquí lo que restaba de nuestros brillantes florecimientos y de nuestro rico plantel científico árabe-hispano -como sucede siempre- la rutina ciega y monótona esterilizaba todo lo que de fecundo tener pudiesen aquellos mismos sistemas y teorías"[92].

[90] Corachan, J. B., *Methodus elaborandi componendique telescopia et microscopia*, Valencia 1687. O profesor Mestre cita láminas gravadas en Valencia en 1687 por Crisóstomo Martínez nas que aparece un microscopio, cincuenta e tantos anos antes que Feijóo conseguira un, Mestre, A., *Despotismo e Ilustración*, p. 13.

[91] Freire López, A. Mª, "Feijóo en el siglo XIX (Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán y Marcelino Menéndez Pelayo)", en *El siglo que llaman ilustrado. Homenaje a Francisco Aguilar Piñar*, Madrid 1996, p. 373.

[92] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, pp. 35-36.

Pero o que resulta máis curioso do pensamento de Pardo Bazán é a explicación que dá do suposto atraso ou decadencia de España no eido cultural. Coñecendo ou non o que escribe Gumersindo de Azcárate na *Revista de España* en 1876, Pardo Bazán toma recio posicionamento na cuestión sobre a ciencia en España, polémica na que van a entra-los intelectuais españois máis importantes. Como lle sucedeu non poucas veces, Pardo Bazán adiántase ós acontecementos.

No *Estudio Crítico* xa deixa moi claro o seu pensamento. A chamada, e tan "cacareada" intolerancia española "no procedía de la monarquía, ni de la Inquisición, ni del clero"[93] senón da rutina, da "opinión unánime" que erguía unha muralla chinesa contra toda novidade científica procedente do estranxeiro. E no *Discurso* de 1887, en plena polémica, ratifica con maior vigor a súa afirmación, nesta ocasión arrimándose a Menéndez Pelayo: nin o poder eclesiástico nin o poder civil se opuxeron ou estorbaron o progreso da ciencia nin impediron a chegada das novidades do estranxeiro a España. Para iso, Pardo Bazán consciente ou inconscientemente comete un erro de anacronía, porque nos di que a Inquisición no século XVIII perdera os bríos, era un instrumento de poder na man dos reis e nunca perseguiu escritores, filósofos e sabios, o que é verdade só en parte pero do que se trata é de explicar a decadencia no século XVII e non no XVIII onde si se dan algunhas das circunstancias que subliña a autora[94]. E referíndose ó poder civil comete a mesma anacronía ó dicir que "a los reyes de la casa de Borbón podrá acusárseles de cualquier cosa menos de enemigos del progreso", cando en realidade a acusación non se dirixe ós Borbóns senón ós Austrias.

B) Feijóo lidera a recuperación cultural de España.

De acordo coa súa tese central, unha vez que deixa asentada a decadencia literaria, artística e cultural de España, estudia a Feijóo como o ciclope capaz de erguer só sobre as súas costas a modernización do país. Feijóo é un "Proteo científico", un home "omnisciente que no deja rincón que no registrase". Por iso en certa maneira "la vida científica de España de él arranca y a él se debe"[95]. Máis aínda, é o primeiro crítico do que pode gabarse España e ata hoxe (1876) non foi igualado[96].

[93] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, pp. 35.
[94] Pardo Bazán, E., *Discurso*, p. 166.
[95] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, p. 18.
[96] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, p.163.

No *Discurso* do ano 1887 reitera os mesmos xuízos, aínda que con expresións máis comedidas: Feijóo é o reformador e restaurador intelectual do século XVIII, e innovador e restaurador "a la vez de la cultura ibérica y foco tan vivo de claridad intelectual que, al aparecer él, puede asegurarse que la noche de la decadencia se ilumina con resplandor de aurora"[97].

Está, pois, claro que o movemento científico español do século XVIII, a restauración da ciencia e a modernización arrancan, segundo a apreciación de Pardo Bazán, deste monxe bieito.

¿Cal é o xuízo que merece esta tese despois do intenso labor a que foi sometido o século XVIII polos investigadores?

É evidente, e o libro pioneiro de Paul Hazard así o demostraba[98] que a gran revolución científica, histórica e política arranca do século XVII das obras de Locke, Leibniz, Newton, do historiador francés Mabillon, do teólogo e escriturista Richard Simon e de P. Bayle. Esta revolución penetra, como dixemos, en España a través dos "novatores" que, en medio da incomprensión xeneralizada, fóra das Universidades nas que se mantiña a rutina intelectual, en faladoiros, academias e asociacións deron a coñece-lo pensamento europeo nos diversos campos da investigación. Por conseguinte, hoxe está demostrado que Feijóo non "deambulaba solitario en el desierto cultural español, desarrollando como un Gulliver entre liliputienses"[99], nin foi un xenio por xeración espontánea, nin un "San Cristóbal" capaz de leva-la cultura tradicional española, con completa independencia do enciclopedismo francés, sobre un baleiro de decenios de ignorancia ó esplendoroso século XVIII, como pretendía defender Marañón na súa apaixonada obra sobre Feijóo[100].

¿Cal foi, entón, o papel de Feijóo? ¿Como pode explicarse que desde Sempere y Guarinos (1785-1789) ata a segunda metade do século XX, case douscentos anos, fora Feijóo o único referente intelectual para explica-lo comezo da Ilustración Española e ninguén se referira ós Juan de Cabriada, Tosca, Corachán, Martí, Ferreras, e moi poucos a Mayans y Siscar, e a tantos outros que preceden a Feijóo e, en certa maneira, o explican? Nestas preguntas hai dúas cuestións implícitas: a primeira é sobre o que influíu Feijóo coa súa obra na modernización científica e a segunda é por qué Feijóo foi

[97] Pardo Bazán, E., *Discurso*, p. 153.

[98] Hazard, P., *La crisis de la conciencia europea, (1680-1715)*, Madrid 1988 (téñase en conta que a obra é de 1933).

[99] Sánchez Blanco, F., *La mentalidad ilustrada*, Madrid 1999, p. 63.

[100] Marañón, G., *Las ideas biológicas*, op. cit. p. 309.

capaz de quedar na memoria colectiva e escurecer a cantos lle precederon ou foron coetáneos.

Os investigadores non concordan sobre a primeira destas cuestións. O profesor Mestre, por exemplo, nun ton bastante desabrido axuíza a Feijóo da seguinte maneira: "Feijóo es el creador del ensayo, mérito suyo indiscutible, en el que es dueño absoluto y luce sus cualidades de perspicacia, gracia e ingenio en un género a la medida de su capacidad... Para ello, Feijóo necesita hablar *de omni re scibili*, de filosofía sin especiales conocimientos metafísicos, de derecho sin ser jurista, de historia sin haber pisado un archivo ni haber manejado documento original alguno, de medicina sin haber observado a un enfermo... Es la cruz del ensayista"[101].

Noutro traballo máis recente[102] Mestre, e citámolo por ser un dos mellores coñecedores do século XVIII, suaviza as expresións, salienta a extraordinaria importancia da súa obra para darlles canle ós principios científicos e á crítica histórica formulada por distintos grupos, pero ratifícase na súa afirmación inicial de que Feijóo non ten ningunha achega orixinal nin á física, nin á medicina, nin á teoloxía, nin á filosofía. Foi un ensaísta e vulgarizador.

Habería que preguntar qué principios científicos, qué leis da física, qué crítica histórica, qué pensamento orixinal crearon os "novatores" españois tan valorados por Mestre e outros autores, quizais coa inconsciente intención de minora-lo prestixio de Feijóo que se impón en forma tan asoballante en España. Se, por conseguinte, os "novatores" non son creadores e só son importadores de novas correntes de pensamento vixentes en Europa, aínda recoñecendo a súa importancia e mesmo incluíndo a Feijóo nesta corrente de pensamento o que é indubidable é que Feijóo realiza un papel social e intelectual que moitos dos actuais investigadores lle recoñecen.

E así entramos na segunda cuestión: as razóns da súa popularidade.

* En primeiro lugar destaca Feijóo por adopta-lo *ensaio* como medio de comunicación. Álvarez Barrientos en breves pero axustadas palabras explícano-la vocación ensaística do monxe[103]. O ensaio, tal e como o define Gómez Martínez[104] é unha composición breve, sobre temas de

[101] Mestre, A., *Despostismo*, op. cit. p. 29.

[102] Mestre Sanchís, S., "El P. Benito Jerónimo Feijóo", en García de la Concha (Ed.) Historia de la Literatura Española, I, Madrid 1995, pp. 69-80.

[103] Álvarez Barrientos, J., "El ensayo del siglo XVIII, en Europa y en España", en García de la Concha, ut supra, pp. 61-68.

[104] Gómez Martínez, J. L., *Teoría del ensayo*, Universidad de Salamanca, 1981.

actualidade, sen pretensións de exhaustividade, subxectiva, sen someterse ós canons formais de citas e carente de estructura determinada e expresión do pensar e sentir do autor. Este foi o xénero empregado por Feijóo cunha intención didáctica e pedagóxica. Nunha época na que o periodismo aínda non atopara un canon definido de comunicación, Feijóo crea un sistema, un método que lle permite achegarse a un público formado, selecto, pero non necesariamente investigador.

O ensaio feijoniano engancha porque fala de cousas que suceden, que están aí, que afectan ó interese da xente, sobre as cousas comúns, como salienta o profesor Gustavo Bueno[105]. Ademais trátaas de forma directa, non refugando a súa opinión persoal. Sitúa no mercado e en forma dixerible para unha persoa medianamente formada as cuestións que, non poucas veces abstrusamente, formulaban nas súas covachas os investigadores, os teólogos e os historiadores.

* Pero Feijóo ten ademais unha clara intención de totalidade. Como el mesmo nos di: "Yo escribo de todo y no hay asunto alguno forastero al intento de mi obra". Por iso fai crítica literaria, crítica artística, introdúcese na medicina, na física, escribe de cuestións morais, filosóficas e teolóxicas, non desdeña enfrontarse cos temas da xustiza, da administración e da política, etc. E tódalas cuestións as trata desde un sistema racionalista, empírico, mediante a observación e unha crítica moi personalizada. É dicir, aplica rigorosamente un novo método para o coñecemento científico. O lector, por conseguinte, atópase ante un estudio dun tema de actualidade, dun tema que afecta ó cotián, que lle interesa e veo tratado con sinxeleza pero ó mesmo tempo dentro dunhas regras de cientificidade.
* Algún autor[106] salienta algúns trazos típicos dos seus escritos: unha argumentación sinuosa que parece asumi-los argumentos do adversario, pero que oculta, como un hábil xogador, as súas bazas, sen amosar desde o primeiro momento as súas intencións e argumentos, que logo vai dosificando no discurso, especialmente nos escritos de controversia.

[105] Bueno, G., "Sobre el concepto de ensayo", *I Simposio sobre el P. Feijóo y su siglo*, I, Universidad de Oviedo (1966), pp. 89-112.
[106] Sánchez-Blanco, F., *La mentalidad*, op. cit. p. 67.

Xa Pardo Bazán[107] destaca que as dotes intelectuais de Feijóo están marcadas co selo do país galego: sagaz, sisudo, testán, curioso, que repregunta para darse tempo e medita-las respostas.

Que isto derive dun trazo biolóxico herdado ou dunha idiosincrasia colectiva -que non poucos rexeitan por parecerlles propios dunha historiografía casticista-[108] o feito é que na obra e na dialéctica do autor hai elementos moi peculiares e enxeñosos que favoreceron a circulación dos seus escritos porque moitos preferían ese xénero e non os indixeribles escritos doutros autores.

* Finalmente, tampouco debemos obvia-la habilidade empregada por Feijóo para non manifestarse sobre o contencioso político aberto en España desde Felipe V a favor dunha política centralista. Neutralidade que non é tal se interpretamos algúns parágrafos do monxe bieito nun determinado sentido, como fai Mestre: "Lo cierto es que las palabras del discurso (refírese ó discurso "Amor a la patria y pasión nacional") insinúan el marco en el que se desarrollará la actividad política borbónica, al identificar la patria con aquel "cuerpo de estado donde, debajo de un gobierno civil, estamos unidos con la coyunda de unas mismas leyes. Así España es el objeto propio del amor español". Iso explicaría tamén a boa acollida da obra feijoniana por parte dos monarcas españois[109].

Para concluír, volvendo á tese central de Pardo Bazán, parece claro que o descoñecemento ou non valoración exacta da xeración dos "novatores" na que se integra Feijóo explica que personifique no autor todo o proceso de rexeneración cultural coma se Feijóo fora o único autor que conectou co

[107] Pardo Bazán, E., *Discurso*, p. 171.

[108] Sánchez-Blanco, *La mentalidad*, op. cit. p. 69.

[109] Mestre Sánchis, A., "El Padre Benito Jerónimo Feijóo", op. cit. p. 76. Podería aínda engadir Mestre as dedicatorias do T. IV do Theatro ó príncipe Carlos, futuro Carlos III, do T. III das Cartas a Fernando VI, do T. IV tamén das Cartas á Dona Bárbara de Braganza, esposa de Fernando VI e o V a Carlos III xa rei de España. Pero o ton aparentemente servil destas dedicatorias debe lerse paralelamente cos discursos "La ambición en el solio" no que, entre outras cousas, repite a sentencia de Catón "Este animal que llaman rey es muy devorador de carne humana", ou cos discursos "Amor de la patria" e "Pasión nacional". Un investigador tan esixente, especialmente na ciencia política, como Sánchez Agesta (*El pensamiento político del Despotismo Ilustrado*, Universidad de Sevilla, 1979, pp. 67-68) non interpreta o pensamento político de Feijóo en clase servil nin adulatoria. Polo contrario, selecciona unha manchea de textos nos que o autor ve unha crítica moi sólida e sen concesións ó absolutismo, o que contrasta co silencio en obras editadas doutros intelectuais da época.

pensamento europeo. Parece claro que Feijóo carecía da erudición histórica de Mayans, do dominio das linguas clásicas de Martí, que Iriarte e Mañé sabían moito máis ca el de libros e bibliotecas e, desde logo, non podía competir con Corbachán na construcción dun microscopio. Pero Feijóo si que foi capaz de capta-la situación de rutina mental e de anemia intelectual na que estaba España e puxo todo o seu saber en función dunha recuperación da ciencia, atallando os erros comúns. E, sobre todo, foi capaz de chegar ó público culto español creando un novo estilo de comunicación intelectual, e, nese sentido, si que foi o rexenerador da España do século XVIII.

Feijóo ensinou a pensar e a corrixi-los seus hábitos sociais a moitas xeracións (o que explica a serie de edicións e reedicións da súa obra)[110] e, por iso, explícase non só a súa popularidade senón tamén que os seus sucesores na Ilustración o consideraran, sen dúbida ningunha, o primeiro de todos.

3.- Pardo Bazán axuíza outros aspectos da obra de Feijóo.

Para completa-la visión que Pardo Bazán nos dá da obra de Feijóo, unha vez exposta a tese central da mesma, seguirémo-lo esquema proposto pola propia autora na súa obra *Estudio Crítico.*

Feijóo literato

Recoñece Pardo Bazán que en Feijóo se dá a "dulce naturalidad, de festivo gracejo y encadenados razonamientos" ó lado de "largos y fastidiosos párrafos... galicismos y escolasticismos que desfiguran y afean extrañamente el conjunto"[111]. O seu descoidado estilo literario nacía da súa orixinalidade, do seu afán por non imitar a ninguén. Foi, por iso, "incorrecto pero original; descuidado, pero dulce y grato; difuso a veces pero claro siempre". Feijóo pretende facerse entender e escribe "con sencillez y grandeza, redacta sin velar su pensamiento, ni torcerlo ni alambicarlo para que el vulgo no lo adivine o entienda a medias". Iso explica tamén que empregara un estilo "sino periódico o gacetal, que se decía entonces, por lo menos muy ligero y a propósito para que sirviera a la instrucción de los poco eruditos y dados al cultivo de las ciencias"[112]. En definitiva procuraba "facilidad y provecho".

[110] Caso González, J. M., *Obras completas, Bibliografía* (do P. Feijóo) I, Universidad de Oviedo, 1981.

[111] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, p. 25.

[112] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, p. 31.

No *Discurso* do ano 1887 reitera con maior énfase, se cabe, as mesmas ideas. Os críticos, escribe, confunden excelencia de estilo con corrección e impecabilidade. O estilo literario de Feijóo explícao el mesmo cando di que o seu estilo "se me vino, tal como lo veis, no le busqué yo ", é dicir, é producto da natureza non da arte nin do artificio. Certo que no século XVIII hai escritores menos desiguais e cun léxico mais puro, "pero guardémonos de contar al Padre Maestro por escritor ramplón y pedestre" e pon o exemplo do P. Isla "más correcto y esperado" pero que se lee moi pouco[113].

Resulta sorprendente para quen non é un experto en literatura o mínimo espacio que hoxe a crítica literaria concede a Feijóo como escritor. Basta consulta-las principais historias da literatura española para decatarse ou da ausencia absoluta do seu nome como escritor ou da súa inclusión só como ponte entre o século XVII e XVIII. Esquecendo o que no seu día escribiu Azorín cando aseguraba que Feijóo "es el generador de la prosa moderna" só ocasionalmente o monxe aparece citado como ensaísta[114] e, por iso, os críticos só estudian a estructura do ensaio feijoniano sen pararse demasiado no seu estilo que foi estudiado no seu día por Lapesa[115].

Feijóo moralizador e moralista

Distingue Pardo Bazán dúas cuestións: loita de Feijóo contra a superstición e os falsos saberes e que constitúe o que poderíamos chama-lo seu afán moralizador e a doutrina positiva sobre a moral, unha especie de "metafísica de los hábitos sociales"[116].

As preocupacións do vulgo, as súas necidades e mesmo a ignorancia dos considerados doutos, especialmente dos médicos, saíronlle ó paso a Feijóo e, na medida das súas posibilidades, refutounas, pero todo isto, di Pardo Bazán, "sin odiosidades, ni plan preconcebido" porque a súa norma era "un desinteresado culto a la verdad"[117].

[113] Pardo Bazán, E., *Discurso*, p. 196-198.

[114] O P. Feijóo entra, por exemplo, na *Historia de la Literatura Española* dirixida por García de la Concha, só como intelectual que, dunha ou doutra maneira, introduce o século XVIII (traballo encomendado a Mestre Sanchís) e no capítulo dedicado ó ensaio (J. Álvarez Barrientos).

[115] Lapesa, R., "Sobre el estilo de Feijóo", *Mélanges à la mèmoire de Jean Sarrailh*, París (1966), pp. 21-28. Recomendámo-la lectura do capítulo XVI, "El Padre Feijóo artista literario", da obra de Otero Pedrayo,. *El Padre Feijóo*, op. cit. pp. 693-720 onde o lector paciente poderá atopar, baixo a morea de erudición de Otero, datos e ideas importantes para revisa-lo estudio de Feijóo escritor.

[116] Pardo Bazán, E., *Estudio* Crítico, p. 60 e ss.

[117] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, p. 36.

Máis adiante estudia Pardo Bazán a Feijóo como moralista, como creador de hábitos sociais.

Dinos que, como moralista, "se aparta de las huellas de los escritores místicos", porque "el punto de vista en que Feijóo se coloca para desde allí adoctrinar, no es tan remontado y sublime como el de los Luises de Granada, Kempis, Teresas de Jesús o Ligorios, es más práctico, aspirando a facilitar el cumplimiento de los deberes morales en medio de las miserias y debilidades de la humana naturaleza" [118].

Xustamente esta é unha das mostras da modernidade e racionalidade do discurso de Feijóo. Os moralistas, é dicir, os escritores que trazaron normas de conducta católica a penas tiveron en conta a complexidade da vida dos leigos e ordenaron a práctica da vida cotiá de acordo cunha norma máis propia dun estado de perfección que dunha vida laica. As virtudes máis valoradas eran a obediencia, a discreción, o silencio, a humildade, a paciencia e a praxe máis recomendada reducíase a un pietismo (misas, rosarios, procesións, novenas, tríduos, etc.) que na práctica se convertían nun ceremonialismo.

Quen lea, por exemplo, *La perfecta casada* de Frei Luis de León, á parte dos seus valores literarios, non atopará nela un código de conducta apto para unha muller casada, inmersa na vida.

Por iso captou perfectamente Pardo Bazán a intención do monxe bieito como moralista. En tódolos estados e condicións humanas se pode servir a Deus e xustifica comportamentos e actitudes longamente denostadas polos moralistas tradicionais, como o baile.

Destaca tamén Pardo Bazán o tratado de *La urbanidad* no que o monxe establece normas de conducta que poden ser tan revolucionarias como as de Rousseau no *Emilio*. Denuncia neste tratado Feijóo as excesivas etiquetas e estiramentos sociais que Pardo Bazán exemplifica con gracia: "El echar en olvido la felicitación de un día de cumpleaños era suficiente motivo para que se indispusiesen las familias, en que Jovellanos dormía con la nariz pegada a la almohada para no desbaratarse los bucles de la peluca, en que un viaje de veinticuatro horas exigía una despedida general y en que en los saraos se estaba como en un entierro" [119].

O equilibrio espiritual, a sensatez, a racionalidade eran o condimento que Feijóo quería que tivera a etiqueta e regulamentación dos usos sociais.

[118] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, p. 61.
[119] Pardo Bazán, E., *Estudio crítico*, p. 67-68.

Presentimentos, tendencias e ideais

Neste capítulo misceláneo, Pardo Bazán introduce diversas cuestións que interesa estudiar.

Recoñece os innegables erros científicos que aparecen na obra do monxe como a existencia dos anfibios racionais, o feto humano aparecido no ventre dunha cabra, as súas opinións de que os minerais crecen de dentro para fóra, etc. Estes erros non procedían da "pereza en buscar la verdad o del maligno empeño en ocultarla"[120] senón das erróneas informacións que recibía.

As consideracións que fai sobre o feminismo de Feijóo merecen tamén unha atención. Este demostrou a igualdade intelectual entre os dous sexos e avanzou ideas sobre dúas cuestións capitais: a vocación da muller para as artes e as ciencias e a organización máis equitativa da familia[121].

Contrapón Pardo Bazán o modelo de muller que aparece na obra *La perfecta casada* e o modelo que presenta o P. Feijóo. Frei Luis de León apóiase no principio da soberanía do home e da inferioridade da muller, "mostrando como ideal de la mujer cristiana la realización del carácter de aquellas interesantes esposas bíblicas, que lavaban los piés con presteza y sumisión al dueño y señor".

Achaca a autora esta concepción "al despótico sentido judaico que comprimía la espontaneidad femenina y anulaba el alma", concepción que o cristianismo modificou concedéndolle á muller algo inapreciable: a conciencia. Non explica Pardo Bazán por qué, se foi o cristianismo quen recupera a dignidade da muller igualándoa ó home, foi tan lento o recoñecemento desa igualdade nin por qué os escritos de Feijóo, sobre a cuestión, causaron tal escándalo no século XVIII.

Pardo Bazán aproveita a oportunidade para reclama-la supresión das barreiras legais que lle impiden á muller acceder ó ensino universitario[122] e lamenta que non se lle recoñezan os dereitos políticos, como o de exerce-lo dereito ó sufraxio[123].

Sabía ben ou intuía, polo menos, Pardo Bazán que a defensa da liberdade da muller e a linguaxe empregada non era a mellor carta de presentación para obter un xuízo benévolo dun xurado composto exclusivamente por homes pero puido máis a súa dignidade que a expectativa dun premio.

[120] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, p. 79 e *Discurso* (1887), pp. 194-195 e 206.
[121] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, pp. 103-116.
[122] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, pp. 110, nota 1.
[123] Pardo Bazán,E., *Estudio Crítico*, pp. 113.

Tamén Pardo Bazán analiza as opinións de Feijóo sobre a organización do Estado. Apláudelle ó monxe por non ataca-la organización tradicional do Reino "porque se dio perfectamente cuenta de que las instituciones, la organización social, brotan de más profunda raíz que la que pueda prestarles una pasajera efervescencia de la opinión"[124]. Feijóo manifesta "una sincera adhesión a los poderes soberanos de la patria".

Feijóo filósofo

Seguindo a Bacon e a Locke, di Pardo Bazán, demostra as contradiccións do aristotelismo e do cartesianismo para explica-la filosofía natural. Tamén recoñece a Newton, cando este foi capaz de darlle unha explicación ó universo aínda que nunca milita plenamente no newtonianismo porque receaba integrarse nunha escola para poder conserva-la súa independencia crítica. Se atrasou a aceptación dos principios de Newton foi, máis que nada, porque tiña a convicción de que esta teoría non sería inicialmente aceptada en España. "Con el mayor tacto y pulso crítico" foi procurando prepara-lo seu público para a recepción das novas ideas físicas[125].

O comentario que fai Pardo Bazán da filosofía de Feijóo é máis ben fráxil e interesa demorarse algo máis na cuestión.

Como no seu día defendeu Ardao[126] pretender expoñe-lo pensamento de Feijóo nun esquema sistemático, demostrando a súa articulación lóxica, é unha empresa imposible. Pero iso non significa que non aparezan na obra do monxe bieito ideas-forza que, pola súa reiteración, sirvan de soporte filosófico a toda a súa obra.

Empecemos dicindo que se Feijóo non escribiu un tratado filosófico non foi por incapacidade senón por decisión propia. Non só se formou como alumno en filosofía senón que, ademais, explicou entre 1704 e 1707 no colexio benedictino de Lérez (Pontevedra) un curso completo de Filosofía Escolástica. Afortunadamente, consérvase o texto do seu *Cursus*, recollido por un dos seus discípulos, frei Matías de la Vega en cincocentos apertados folios[127]. Dado o sistema empregado de le-las leccións témo-la garantía de

[124] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, pp. 126.

[125] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, p. 143-144. Sobre a cuestión cfr. Browning John, D. "Yo hablo como neutoniano. El P. Feijóo y el neutonianismo", *II Simposio sobre el P.Feijóo y su siglo*, I, Oviedo 1981, p. 221-230.

[126] Ardao, A., *La filosofía polémica de Feijóo*, Buenos Aires 1952.

[127] Consérvase o manuscrito na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, M-154.

que no manuscrito se recollen *ipsissima verba* do P. Feijóo. Ramón López Vázquez publicou un rigoroso traballo sobre este manuscrito que seguimos nesta exposición[128].

Estamos ante un curso canónico, explicado de acordo coa máis pura sistemática escolástica, no que se estudia a Lóxica, Metafísica, Filosofía Natural e Psicoloxía, e no que o profesor non se separa da liña marcada pola *ratio* dos estudios da súa Orde. Quizais poida advertirse escasa paixón polo aristotelismo, finura ó trata-los adversarios e pouca orixinalidade ó estudia-los temas máis controvertidos. En suma, "brevidade, claridade, coherencia, síntese, incluso beleza, sinxeleza e profundidade" son os cualificativos que merece este tratado a López Vázquez.

Isto demostra que se Feijóo racha, posteriormente, co aristotelismo e co escolasticismo como método non é por descoñecemento da filosofía escolástica senón por superación da mesma.

Máis adiante, na súa obra escrita Feijóo deserta do método deductivo apostando polo método empírico. Por iso Feijóo milita no escepticismo científico, militancia que comparte cos "novatores", aínda que hai matices que o singularizan. Non participa do escepticismo absoluto de Sánchez, do que ben coñece a súa obra[129]. É o seu un escepticismo moderado en canto que a dúbida é un instrumento de análise da realidade. O seu escepticismo é unha postura intelectual de desconfianza e reserva do xuízo fronte ás explicacións que lle veñen dadas ata que el mesmo as poida comprobar. Feijóo invita a non facer mitos da propia ciencia experimental porque na ciencia non hai certezas, senón opinións. Iso explica que moitos autores contemporáneos de Feijóo, incluso do grupo dos "novatores", o acusaran de minimiza-la base gnoseolóxica da ciencia moderna.

Xunto coa comprobación, xa que a mera observación non é suficiente, sempre se require o raciocinio, a aplicación da propia intelixencia, o recurso ó sentido común que nada ten que ver coa *vox populi*, maleada pola falsa ciencia.

A dura crítica contra os saberes recibidos e aceptados sen contraste ningún, a confianza na propia razón, o recurso ó sentido común, aproximan o pensamento de Feijóo ás minorías cultas, sensibles e que ven reforzada a súa

[128] López Vázquez, R., *O Padre Feixóo, escolástico*, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, Santiago 1995.

[129] Sánchez, F., *De multum nobili et prima universali scientia. Quod nihil scitur*, Lugduni 1581.

racionalidade, o seu raciocinio internamente discrepante con moitas das cousas repetidas e recibidas durante séculos. A invitación á dúbida permanente, á reserva intelectual, predispuxo favorablemente a atención de moitas persoas cultas que, por fin, vían encarnadas en alguén, ilustre e recoñecido, algunhas das dúbidas e preguntas que se fixeran moitas veces.

Feijóo só deixou fóra do seu escepticismo o mundo sobrenatural ó que se accede unicamente pola vía da fe e non pola vía racional. Isto si que o capta Pardo Bazán cando valora moi positivamente a ortodoxia do monxe: "No contienen los escritos de Feijóo proposición que recta y caritativamente interpretada lastime en lo más mínimo la integridad del dogma. Feijóo es la prueba clara de la amplitud que otorga al pensamiento el catolicismo, y del vasto campo que deja en las materias opinables -cuando no recortan este campo feroces intransigencias o impertinentes melindres-"[130].

4.- Apuntes sobre a ideoloxía política de Pardo Bazán no *Estudio Crítico*

Á marxe da estructura do *Estudio Crítico*, que acabamos de analizar, introduce a autora reflexións, valoracións e pronunciamentos ideolóxicos e políticos que interesa recoller para ir perfilando a evolución ideolóxica de Pardo Bazán, aspecto bastante desatendido na amplísima bibliografía sobre a autora. A nosa intención é a de ofrecer ós biógrafos de Pardo Bazán algúns elementos que, quizais, poidan servir para eliminar, as intuicións, as aproximacións e mesmo as contradiccións que, neste aspecto, se poden ler en non poucos traballos biográficos.

Sorprende que unha moza, educada nunha atmosfera liberal e progresista da cidade da Coruña, nunha casa na que se recibía tódolos días *La Iberia*, a Biblia do progresismo español, iniciara un proceso de involución ideolóxica tan acelerado que a súa primeira obra impresa, o *Estudio Crítico* está ateigada de alusións, e "latiguillos" antiliberais e mesmo integristas, dos que podería prescindir porque non entraban na estructura da súa obra pero ós que non renuncia, aínda que iso puidera restarlle votos ante o xurado.

* Da Guerra de Independencia había dúas interpretacións: a absolutista ou servil, que posteriormente retomou a historiografía carlista, segundo a que a Guerra de Independencia só tivera como obxectivo a expulsión dos franceses e a restauración do absolutismo e a liberal, a maioritaria, que interpretaba o mesmo feito como unha epopea popular (elemento común tamén coa visión absolutista) para incorpora-las liberdades políticas en España.

[130] Pardo Bazán, *Discurso, E.*, p. 175.

Pardo Bazán asume como propia a interpretación absolutista na súa versión carlista: "En la magnífica epopeya de 1808... no es solamente el sacro impulso de libertad exacerbado por la invasión lo que hace erguirse a España... es el apego a costumbres y venerandas instituciones, la monarquía atropellada en la persona del Deseado, la religión escarnecida por aquellos soldados hijos de la revolución atea de 1793... Exasperado por tantas causas el sentimiento tradicional y patrio... En su fanatismo sublime negábanse los españoles hasta a comer patatas, porque era de aclimatación francesa aquel tubérculo[131]... El pueblo... desconfiaba de las clases altas y de las mismas juntas, no tan inflamadas en santa indignación como las masas y como el clero, que atizaba incansable la cólera popular, uniendo en la divisa de *Dios, patria y rey* las aspiraciones de todos los pechos hispanos"[132]. Como pode observarse non só interpreta a Guerra en clave absolutista senón que, ó remate, introduce a divisa carlista que aparece subliñada no texto.

* Posicionamento sobre a cuestión da ciencia en España. Pardo Bazán parte da decadencia, o atraso intelectual da España do século XVII, e intenta explicala salvando en todo o momento a Igrexa e a Inquisición. A "cacareada" intolerancia española non partía do clero, nin das clases altas, nin da monarquía, nin sequera da Inquisición, senón da "opinión unánime que se imponía y alzaba una muralla de China contra todo lo que a novedades trascendiera"[133]. Parece ser, pois, que esa "muralla de China" era quen impoñía o galenismo en medicina, o ptolomeismo en astronomía e o aristotelismo en filosofía. Pero como unha metáfora non é un raciocinio Pardo Bazán desenvolve algo máis en qué consiste esa muralla de prexuízos e que non é outra cousa que a preguiza intelectual e o desinterese. Este laborioso descubrimento non ten outra pretensión que deixar a salvo a responsabilidade da Inquisición. No *Discurso* posterior dinos que "el Santo Tribunal de la

[131] Recoñecemos que é a primeira vez que lemos tal afirmación. O que, en troques, nos din as fontes é que foi en 1768 cando o campesiñado galego incorpora a pataca á súa dieta a consecuencia da fame xeneralizada (antes era alimento para os animais), de forma que Lucas Labrada pode escribir en 1804 que as patacas "en todas partes se dan", Lucas Labrada, J., *Descripción Económica del Reino de Galicia*, Ferrol 1804, (Citamos por ed. Vigo 1971), p. 27.

[132] Pardo Bazán, *Estudio Crítico*, p. 73.

[133] Pardo Bazán, *Estudio Crítico*, p. 35.

Fe nunca persiguió a escritores, filósofos ni sabios, sino a judaizantes, moriscos, beatas iluminadas, brujas..."[134]. Tal afirmación é estrictamente ideolóxica e non histórica porque os que tivémo-la oportunidade de coñece-los procesos inquisitoriales de Galicia chegamos xustamente a unha afirmación contraria xa que non habendo aquí a penas xudaizantes nin moriscos, o Santo Oficio perseguiu en forma constante as opinións, as publicacións e a circulación de libros. Descoñecía, sen dúbida, dona Emilia que cando as Cortes de Cádiz suprimen a Inquisición, atoparon nos sotos da Casa da Inquisición de Santiago miles de libros incautados, secuestrados, por certo, tan desfeitos que o celoso bibliotecario de Universidade D. X. M. Patiño con dificultade puido face-lo seu catálogo, recoñecendo que centos deles estaban inservibles. O que demostra a persecución dos libros e a mínima preocupación por conservalos.

* Pardo Bazán oposta ó parlamentarismo. Cando Pardo Bazán estudia o feminismo de Feijóo deixa ver sutilmente o seu xuízo sobre o parlamentarismo: "Por nuestra parte no podemos menos de rechazar el parlamentarismo y los gobiernos representativos cuyo vicio orgánico se descubre con mayor claridad pero la mayoría, que, siguiendo y no adelantándose a los tiempos, acepta y aclama el sufragio, no puede, sin caer en el absurdo, excluir a la mujer".[135]

  Deixa claro, pois, a nosa autora o seu radical antiliberalismo e mesmo parece agarda-la recuperación no futuro a superación dos gobernos representativos. ¿Cal era a alternativa para Pardo Bazán? Sen dúbida un goberno absolutista, encarnado no ideario carlista no que parece militar neste momento.

* Posicionamento a favor dos Estados Pontificios. Comentando o estudio que Feijóo fai das teorías políticas de Maquiavelo e a idea que subxace no discurso deste pensador sobre a unidade italiana, introduce habilmente Pardo Bazán o que opina sobre a polémica desatada en

[134] Pardo Bazán, *Discurso* (1887), p. 166.

[135] Pardo Bazán, *Estudio Crítico*, p. 113, nota 1. Por se isto non fora suficiente, noutros lugares do seu *Estudio* insiste na mesma idea. Comentado o posicionamento de Feijóo a favor de acata-los poderes soberanos "no pasándole siquiera por las mientes conmover el venerando edificio" engade: "Por cierto que si entre nosotros dominara este criterio y en vez de la fuerza nerviosa y convulsiva que se gasta en cambios y sacudimientos, atendiésemos a desarrollar la robustez de ánimo... no sería hoy nuestra patria uno de los países más atrasados y revolucionarios de Europa" (*Estudio Crítico*, p. 126-127).

> España sobre a unidade italiana. Pardo Bazán lamenta que non se tivera en conta o Pontificado como "raíz orgánica" da unidade italiana. Aínda que o seu comentario se refire a Maquiavelo e a Dante sabía perfectamente que o seu parágrafo sería interpretado como oposición ó desmantelamento dos Estados Pontificos[136].

No *Discurso* pronunciado en 1887 advírtese unha evidente evolución. Aínda que mantén unha interpretación apoloxética da Igrexa e da Inquisición, e defende a monarquía como elemento tradicional de España, desaparecen a maior parte dos latiguillos pro carlistas o que parece indicar que está de volta da vella militancia carlista aínda que lle custe incorporarse totalmente a un sistema representativo e liberal.

Conclusión

O *Estudio Crítico* de Pardo Bazán era o único que encaixaba na intención da Comisión encargada de organiza-lo Certame Literario de 1876 en Ourense. Glorificaba a Feijóo, aínda recoñecendo as súas limitacións en cuestións puntuais, o xusto para poder ser chamado "estudio crítico". Salientaba a súa modernidade científica que compatibilizaba cun respecto á tradición, valorábase a súa coraxe para extirpar supersticións pero someténdose ó maxisterio da Igrexa.

O traballo de Pardo Bazán non era un axuste de contas, ás veces brutal, coa monarquía, a Igrexa e a sociedade do Antigo Réxime (Concepción Arenal) nin unha manipuladora utilización de Feijóo que aparecía como o primeiro antecedente do liberalismo e mesmo do librepensamento (M. Morayta), era unha hábil glorificación de Feijóo envolta nun fermoso vestido literario.

O estudio de Pardo Bazán revela o descoñecemento da cultura española do século XVII-XVIII, elude habilmente cuestións polémicas de tipo teolóxico, xurídico e histórico, hai un excesivo tratamento parafrástico dos textos de Feijóo que son incluídos desmesuradamente para incha-lo estudio e poder alcanza-las 148 páxinas que, en letra bastante grosa, ocupa a publicación do traballo. De todo iso era consciente Pardo Bazán que, en carta a Menéndez Pelayo (1879) recoñece que era "tan defectuoso y malo que hasta reeditarlo corrigiéndolo, no me atrevo en modo alguno a mandárselo"[137].

[136] Pardo Bazán, E., *Estudio Crítico*, p. 66.

[137] Carta do 26 de setembro de 1879, en Freire López, Ana Mª., "Feijóo en el siglo XIX", op. cit. p. 372.

Non nos consta que fixera tales correccións[138] e así quedou para sempre esta primeira obra en prosa de Pardo Bazán, "ese librucho que la Comisión de Orense, por fortuna mía, archivó y no puso a la venta"[139]. Sen embargo, algúns xuízos moi laudatorios da obra deberon de consolar a dona Emilia aínda que non procederan daqueles dos que agardaba con temor un veredicto crítico[140].

[138] González Herrán, J; *La cuestión palpitante*, Santiago 1989, p. 130, nota 15, cita unha edición do *Estudio Crítico* de Pardo Bazán en Madrid 1878 que pensamos que pode tratarse dun erro, xa que ninguén puido ver esa edición.

[139] Alude Pardo Bazán a algo ó que nos teñen habituados as institucións: publicar libros para deixalos almacenados e con escasa distribución. Pode iso explicar que, non hai moitos anos, apareceran bastantes exemplares desta obra circulando no mercado do libro antigo. A referencia de Pardo Bazán tomámola de Freire López, Ana Mª, "Feijóo en el siglo XIX", op. cit. p. 372.

[140] Segade Campoamor, R., *Las obras premiadas en el certamen celebrado con motivo del segundo centenario del Padre Feijóo*, Madrid (Imp. de F. Maroto e hijos), 1878, pp. 22. Trátase dun traballo moi laudatorio para dona Emilia, non tanto para Lamas Carvajal, e ten o interese de ser un dos escasos xuízos críticos aparecidos sobre a primeira obra en prosa de Pardo Bazán.